Datos económicos: Nos procesos selectivos, os datos bancarios (polo ingreso e, de ser o caso, devolución de taxas dos aspirantes). E os datos bancarios e tributarios do tribunal/comisión.



DESTINATARIOS

Non está prevista a cesión de datos. Darase publicidade, segundo o previsto nas bases das convocatorias, á relación de persoas aspirantes e o posto que ocupan nas distintas probas do procedemento selectivo. Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Cómpre a cesión de datos á AEAT do tribunal/comisión polo aboadado.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme o disposto na normativa interna de aplicación: “Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia”.



ACTIVIDADE TRATAMENTO:**23. AXENDA DE CONTACTOS****RESPONSABLE**

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPDP).

FINS

Xestión das axendas das persoas que teñen contacto co Parlamento de Galicia por calquera circunstancia.



CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Persoas que figuran rexistradas nas axendas de contactos de distintos departamentos do Parlamento de Galicia.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, enderezo, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, enderezo electrónico.

Outros datos: Profesionais, se é o caso.

DESTINATARIOS

Non está prevista cesión de datos.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Conservaranse os datos durante o tempo necesario para atender a finalidade para a que foron recollidos, agás que os interesados soliciten a súa supresión.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.



Procedementos e sistemas de seguridade: conforme o disposto na normativa interna de aplicación: “Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia”.



ACTIVIDADE TRATAMENTO:**24. XUNTA ELECTORAL DE GALICIA****RESPONSABLE**

Parlamento de Galicia. [http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPD).

FINS

Xestión da Xunta Electoral de Galicia. Trátase do órgano da Administración electoral, de carácter permanente, que ten por cometido garantir a obxectividade e transparencia do proceso electoral e o principio de igualdade das entidades políticas que concorren a un proceso electoral. A custodia da súa documentación



corresponde á Secretaría da Xunta Electoral, que recae na figura do letrado maior do Parlamento de Galicia (art. 15.2 da Lei 8/1985, do 13 agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia). O Parlamento tamén ten como función dispoñer dos medios persoais e materiais para o exercicio da súa función (art.16 Lei 8/1985).

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Membros da Xunta Electoral de Galicia. Persoas relacionadas cos órganos da Xunta Electoral, e representantes legais para a presentación de candidaturas ante a dita Xunta.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, enderezo, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, enderezo electrónico.

Outros : Entidade ou organismo, cargo.

Documentación electoral: censo.

Datos económicos: datos bancarios e tributarios.

DESTINATARIOS

Non está prevista cesión de datos, agás nos casos en que sexa necesario para a Administración electoral, a Administración de Xustiza, Administración pública con competencia na materia, e Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.

Nas circunstancias en que concorran implicacións económicas cederanse os datos nos casos previstos legalmente, así como ás entidades bancarias nas que dispón de conta o interesado e, se é o caso, á AEAT.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.



CONSERVACIÓN DOS DATOS

Conservaranse os datos conforme os prazos estipulados por lei.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme o disposto na normativa interna de aplicación: “Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia”.



ACTIVIDADE TRATAMENTO:**25. XESTIÓN DE SOLICITUDES DE EXERCICIO DE DEREITOS****RESPONSABLE**

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Execución dun contrato, cumprimento de obrigas legais e exercicio de poderes públicos (art. 6.1.b.,c., e. do RXPDP).

FINS

Rexistro, xestión e tramitación das solicitudes de exercicio de dereitos en relación coa normativa en materia de protección de datos persoais, por parte dos interesados.



CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Persoas que exerciten os seus dereitos en materia de protección de datos de carácter persoal.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, enderezo, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade.

Enderezo electrónico.

Sinatura.

DESTINATARIOS

Non está prevista cesión de datos.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivarse da dita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.



Procedementos e sistemas de seguridade: conforme o disposto na normativa interna de aplicación: “Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia”.



ACTIVIDADE TRATAMENTO:**26. TRANSPARENCIA NO ACCESO Á INFORMACIÓN****RESPONSABLE**

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal (art. 6.1.c. do RXPDP).

FINS

Xestión das peticións de acceso á información realizadas polos cidadáns ao amparo da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Persoas solicitantes de información pública.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, enderezo, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade. Sinatura. Enderezo electrónico.

DESTINATARIOS

Non está prevista cesión de datos, agás requirimento legal por organismos de control no exercicio da transparencia e bo goberno.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivarse de dita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.



Procedementos e sistemas de seguridade: conforme o disposto na normativa interna de aplicación: “Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia”.



ACTIVIDADE TRATAMENTO:**27. XESTIÓN DE CREBAS DE SEGURIDADE****RESPONSABLE**

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento. (art. 6.1.c. do RXPDP).

FINS

Xestión e avaliación das crebas de seguridade notificadas polos responsables do tratamento.



CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Persoas físicas, incluídas as representantes de persoas xurídicas.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, enderezo, teléfono, sinatura, enderezo electrónico.

DESTINATARIOS

Autoridade de control correspondente (Axencia Española de Protección de Datos), a máis tardar nas 72 horas despois de ter constancia dela. Se a dita notificación non ten lugar dentro deste prazo, deberá ir acompañada de indicación dos motivos da dilación.

Se for necesario, cando dita fenda de seguridade supoña un alto risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas, comunicaráselle ao interesado, e ás Forzas e Corpos de seguridade do Estado, de ser o caso.

No están previstas transferencias internacionais dos datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideran derivarse da dita finalidade e do tratamento dos datos.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.



Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme o disposto na normativa interna de aplicación: “Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia”.



ACTIVIDADE TRATAMENTO:**28. MEDIDA ESPECIAL FRONTE Á EXPANSIÓN DA COVID-19 MEDIANTE A COMPROBACIÓN DE CONTROL DE TEMPERATURA CORPORAL PARA ACCESO AO PARLAMENTO DE GALICIA****RESPONSABLE**

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercitar os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física (art. 6.1.d. do RXPDP), e tratamento dunha categoría especial de datos persoais necesarios por razóns de interese público no ámbito da saúde pública conforme o disposto no artigo 9.2.i do RXPDP.

FINS

Comprobación da temperatura corporal coma medida preventiva da expansión da COVID-19 no acceso ao edificio do Parlamento de Galicia, mediante o uso de cámara térmica, dentro do conxunto de medidas adoptadas por esta administración, para garantir a seguridade da saúde das persoas traballadoras, con expresa finalidade específica de detectar posibles persoas contaxiadas e evitar o seu contacto con outras persoas dentro do centro de traballo, prestando especial atención aos principios de limitación de finalidade e minimización de datos establecidos no artigo 5.1 do RXPDP.



CATEGORÍAS DE INTERESADOS

Todas as persoas que acceden ao Parlamento de Galicia.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Imaxes térmicas e lectura temperatura corporal.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal son tratados polo Parlamento de Galicia e pola dotación de seguridade (Unidade Adscrita da Policía Nacional á Comunidade Autónoma de Galicia, e empresas prestatarias dos servizos de vixilancia e seguridade e mantemento dos equipos, e vixilancia da saúde).

Non están previstas transferencias de datos.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

As imaxes rexistradas non son almacenadas.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme o disposto na normativa interna de aplicación: "Política de seguridade da información do Parlamento de Galicia".



ACTIVIDADE TRATAMENTO:**29. XESTIÓN DE INSTRUMENTOS DE COLABORACIÓN (CONVENIOS, PROTOCOLOS)****RESPONSABLE**

Parlamento de Galicia.

[http:// www.parlamentodegalicia.gal](http://www.parlamentodegalicia.gal)

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico ao que tamén poder dirixirse no suposto de querer exercer os dereitos de acceso, rectificación, oposición, limitación ou supresión:

pdcp@parlamentodegalicia.gal

Teléfono: 981 551 300

DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS

Letrada do Parlamento de Galicia, D^a María Aneiros González

Enderezo postal: Rúa Hórreo nº 63. 15701. Santiago de Compostela

Correo electrónico: dpd@parlamentodegalicia.gal

BASE XURÍDICA DO TRATAMENTO

Tratamento necesario para a execución dun contrato no que a persoa interesada é parte ou para a aplicación a petición deste de medidas precontractuais (art. 6.1.b do RXPDP).

Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal (art. 6.1.c. do RXPDP).

O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos (art. 6.1.e. do RXPDP).

FINS

Xestión de instrumentos de colaboración, consistentes na tramitación de convenios, protocolos e ou acordos de colaboración con entidades públicas ou privadas.

CATEGORÍAS DE INTERESADOS

As persoas e ou entidades que asinan os convenios, protocolos e ou acordos de colaboración nos que participa o Parlamento de Galicia, sen obrigas económicas para este.

CATEGORÍAS DE DATOS PERSOAIS

Datos persoais: Datos de carácter identificativo: nome, apelidos, enderezo, teléfono, DNI/NIF, pasaporte ou calquera documento acreditativo de identidade, enderezo electrónico. Sector de actividade e entidade á que representan.

DESTINATARIOS

Os datos de carácter persoal das persoas asinantes de convenios poderán ser publicados, do xeito legalmente previsto, nos boletíns e/ou diarios oficiais, portal de transparencia.

Nas circunstancias que concorran implicacións económicas cederanse os datos nos casos previstos legalmente, así como ás entidades bancarias nas que dispón de conta o interesado e, se é o caso, á AEAT.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

CONSERVACIÓN DOS DATOS

Os datos persoais das persoas que asinen en representación das entidades que subscriban estes instrumentos de colaboración co Parlamento de Galicia manteranse no sistema de modo indefinido. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

MEDIDAS TÉCNICAS E ORGANIZATIVAS DE SEGURIDADE

Avaliación de risco: As medidas de seguridade implantadas para garantir a seguridade dos datos de carácter persoal correspóndense coas previstas no Anexo II (Medidas de seguridade) do Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e o Real decreto 951/2015, do 23 outubro, de modificación do Real decreto 3/2010.

Responsable de seguridade TIC: Oficialía Maior. Servizo de Tecnoloxías da Información.

Procedementos e sistemas de seguridade: conforme o disposto na normativa interna de aplicación: "Política de Seguridade da Información do Parlamento".



2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 26 de abril de 2022, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar unha sesión o próximo día 26 de abril de 2022, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 19 de abril de 2022, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2020 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2019) (doc. núm. 33167, 11/ICON-000003)

Punto 2. Texto lexislativo

Debate de totalidade do Proxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga (doc. núm. 32399, 11/PL-000013)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 295, do 22.03.2022

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 308, do 18.04.2022

Punto 3. Comparecencia

33837 (11/CPP-000083)

Do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, por petición propia, para informar sobre a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia ata 2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

Punto 4. Mocións

4.1 33472 (11/MOC-000094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla

Sobre a política da Xunta de Galicia respecto da transferencia do ingreso mínimo vital (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 32330, publicada no BOPG núm. 296, do 23 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

4.2 33475 (11/MOC-000095)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a situación do sector pesqueiro (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 32289, publicada no BOPG núm. 296, do 23 de marzo de 2022, e debatida na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022



4.3 33607 (11/MOC-000096)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo

Sobre a política da Xunta de Galicia para mitigar a incidencia, nos fogares con menos recursos económicos, dos gastos de vivenda como consecuencia da guerra de Ucraína (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 31861, publicada no BOPG núm. 292, do 16 de marzo de 2022, e debata da na sesión plenaria do 4 de abril de 2022)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 28510 (11/PNP-002499)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que inicie o proceso de revisión dos coeficientes redutores dos traballadores e traballadoras do mar e os adapte ás circunstancias actuais da frota e da actividade marítimo-pesqueira, marisqueira e acuícola

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 26.01.2022

5.2 32694 (11/PNP-002845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de política económica diante do novo escenario macro e microeconómico para adecuar o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030 á situación económica xerada como consecuencia da guerra de Ucraína

Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 30.03.2022

5.3 32845 (11/PNP-002861)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Porro Martínez, María Corina e nove deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España respecto da inclusión na planificación de Rede Eléctrica de España para 2021-2026 da conexión de Vigo á rede de moi alta tensión e da construción dunha nova subestación no polígono de Balaidos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 300, do 30.03.2022

5.4 33244 (11/PNP-002908)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para destinar o 50 % do recadado polo imposto de hidrocarburos que lle transfire o Estado para subvencionar o gasóleo ás empresas galegas de transporte por estrada de pasaxeiros e mercadorías

Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

5.5 33613 (11/PNP-002943)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para desenvolver un plan de medidas de resposta á crise e de modernización e desenvolvemento de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 306, do 12.04.2022

5.6 33626 (11/PNP-002946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis

Sobre a realización dunha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade realizados pola vía de urxencia pola Consellería de Sanidade coa empresa Projectos Hospitalarios Internacional, S. A.

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 306, do 12.04.2022

Punto 6. Interpelacións

6.1 30337 (11/INT-001500)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e dous deputados/as máis

Sobre a propiedade veciñal dos montes en man común

Publicación da iniciativa, BOPG nº 277, do 16.02.2022

6.2 31585 (11/INT-001568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da dinamización da lectura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

6.3 33350 (11/INT-001686)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a cobertura das baixas do persoal docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 306, do 12.04.2022

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 33833 (11/POPX-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as medidas fiscais previstas polo Goberno galego para facer fronte á situación actual

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

7.2 33834 (11/POPX-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre a valoración do nivel da inflación en Galicia en relación coa media do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 31312 (11/POP-004623)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e catro deputados/as máis

Sobre o soterramento parcial da avenida Otero Pedrayo de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 09.03.2022

8.2 32300 (11/POP-004710)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Ríos Santomé, Paulo

Sobre as medidas previstas para recuperar a liña e os horarios do servizo de transporte de viaxeiros por carretera XG80412 Santiago-Negreira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 296, do 23.03.2022

8.3 33808 (11/PUP-000250)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das solucións para os problemas de abastecemento de auga no sur da provincia de Pontevedra recollidas no estudo da Confederación Hidrográfica Miño-Sil no documento "Estudo de alternativas e documento ambiental para a mellora do abastecemento na zona sur da provincia de Pontevedra"

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

8.4 33023 (11/POP-004811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a avaliación detallada da campaña do bono cultural lanzada en 2021

Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

8.5 33079 (11/POP-004818)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez López, Daniel e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto das obras de reparación do instituto de ensino secundario Alfredo Brañas, de Carballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 303, do 05.04.2022

8.6 30398 (11/POP-004520)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia en relación co desenvolvemento do Plan de infraestruturas sanitarias de Atención Primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 282, do 24.02.2022

8.7 33831 (11/PUP-000252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Torrado Quintela, Julio e Ortega Otero, Marina

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para a recuperación do sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

8.8 26893 (11/POP-003841)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a finalidade das axudas para investimentos en pequenas e medianas industrias de transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura e o orzamento destinado para o ano 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

8.933803 (11/PUP-000249)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da posibilidade de trasladar a sede nacional do Instituto Español de Oceanografía e de dividila entre Cantabria e Murcia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 20.04.2022

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á posta en marcha dunha estratexia para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A OMS afirma que a saúde das mulleres e nenas está influenciada pola bioloxía relacionada có sexo, o xénero e outros determinantes sociais. Detectar e cubrir as necesidades sanitarias da muller é un dereito e un deber dos servizos sanitarios públicos, que ademais debe recoñecer as achegas das mulleres á saúde da sociedade na súa función produtiva e reprodutiva, como consumidoras e ao mesmo nivel como prestadoras de asistencia sanitaria.

Hai consenso mundial en que a atención da saúde da muller debe facerse cun enfoque que englobe o seu ciclo vital completo, o que permitirá advertir de que forma as intervencións na infancia, adolescencia, a etapa reprodutiva e ata o final da súa vida, inflúen no estado de saúde ulterior e na de xeracións futuras.

As matronas son profesionais recoñecidas e cualificadas na atención á saúde das mulleres, non só na súa etapa de maternidade (xestación, parto, puerperio e lactación) senón tamén ao longo de toda a súa vida sexual, desde a nenez ata a senectude.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O plan formativo da súa especialidade cualifícaa para liderar a atención á esfera sexual e reprodutiva das mulleres, repercutindo de modo beneficioso na súa saúde global. Teñen recoñecida capacidade e autonomía na toma de decisións na atención e seguimento dos procesos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva tal como se recolle na Ley 44/2003 de 21 de noviembre de ordenación de las profesiones sanitarias (LOPS).

A evidencia demostra que os coidados levados a cabo por matronas conseguen bos resultados de saúde, con menores taxas de intervencións, menores custos e maior satisfacción para ás mulleres. As matronas non só abordan aspectos reprodutivos das mulleres, senón tamén formación e información afectivo-sexuais, asesoramento sobre saúde menstrual, contracepción, interrupción do embarazo, climaterio, papel relevante na detección de saúde mental materna, da violencia de xénero, dispareunia...

A pesares de todo o dito e dos evidentes beneficios que aportan as matronas para a atención á saúde das mulleres as eivas no Sergas é palmaria.

En primeiro lugar en canto ao número existentes. Segundo os últimos datos rexistrados, a media de matronas por 100.000 habitantes nos países da OCDE é de 69,8. Estes datos distan moito da situación actual en Galicia, é unha das Comunidades Autónomas coa ratio matrona/muller máis baixos. Conta cun número insuficiente de matronas para ofrecer a atención e coidados especializados que requiren as galegas. Este déficit é especialmente visíbel en Atención Primaria, ao tempo que existe unha grande iniquidade en función da zona xeográfica de Galiza onde viva unha muller, da área sanitaria, con maior repercusión nas mulleres do rural, que ven minguada a oferta sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe tamén unha dotación inadecuada de espazos físicos e materiais tanto nas consultas destas profesionais como para realizar as actividades de educación sexual, reprodutiva e maternal.

En canto á atención hospitalaria estaba en marcha un proxecto de de inclusión de matronas nos servizos de planta de puerperio que desde a AGAM (Asociación Galega de Matronas) tiñan solicitado ao SERGAS. O proxecto estaba especialmente maduro na Área Sanitaria de A Coruña e Cee, en concreto desde a coordinación do Hospital Materno-infantil "Teresa Herrera, de xeito que parecía que ía dar o seu froito ao converterse na primeira maternidade galega que ía incorporar matronas en planta de puerperio, mais, segundo a información que nos trasladan, foi inexplicabelmente paralizado.

Unha decisión que non compartimos, xusto nun momento no que se está procedendo a un proceso de especialización en enfermería, aínda que máis lento do desexábel, en áreas como saúde mental, enfermería pediátrica ou enfermería familiar e comunitaria.

É preciso un enfoque das políticas sanitarias dirixidas á prevención e promoción da saúde das mulleres, evitando a súa hipermedicación. Unha atención que debe ser proporcionada pol@s profesionais axeitadas, entre @s que @s matronas teñen un papel fundamental.

O acceso a coidados de calidade é un dereito humano básico, tamén das mulleres, se non existen rateos axeitados de profesionais para atender as súas necesidades, nin dispositivos suficientes e ben dotados, non é posíbel, por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é estratexia da Xunta para a atención integral á saúde sexual e reprodutiva das mulleres?

Por que paralizaron a incorporación de matronas no servizo de planta de puerperio no Hospital Teresa Herrera da Coruña?

Cal é a razón desta paralización xusto nun momento no que se está procedendo a un proceso de especialización en enfermería, aínda que máis lento do desexábel, en áreas como saúde mental, enfermería pediátrica ou enfermería familiar e comunitaria?

Van proceder á incorporación de matronas nos servizos de planta de puerperio para garantir a súa presenza en todos os hospitais galegos?

Que accións vai realizar para eliminar a iniquidade que padecen as galegas en función da zona xeográfica de Galiza onde vivan, da área sanitaria, con maior repercusión nas mulleres do rural, que ven minguada a oferta sanitaria?

Vai aumentar as prazas de matronas tanto en atención primaria como especializada para garantir a equidade en toda Galiza como para que as rateos matrona/ mulleres sexan como mínimo a da media da OCDE?

Cando vai realizar o reforzo do número de matronas na Atención Primaria, para prestar unha atención sexual e reprodutiva de calidade a todas as mulleres ao longo de todo o seu ciclo vital?

Considera que o material co que contan as consultas das matronas de Atención Primaria está en condicións e é o acaído para prestar unha atención digna?

Non lle parece precisa a implementación inmediata dun plan para a dotación adecuada de espazos físicos, materiais e dispositivos telemáticos tanto nas consultas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

destas profesionais como para realizar as actividades de educación efectivo-sexual, reprodutiva, maternal...?

Ten algunha estratexia para garantir a presenza de matronas en todos os COF?

Vai garantir a calidade asistencial no parto: avaliación da prestación, publicación anual dos resultados, actualización de protocolos, e garantir a libre elección de hospital como se establece na Lei de Garantías?

Considera acaído o número de unidades de chan pélvico existentes en Galiza?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 07/04/2022 18:43:01

María Montserrat Prado Cores na data 07/04/2022 18:43:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 07/04/2022 18:43:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Daniel Pérez López e Mercedes Queixas Zas, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a restauración e posta en valor do Mosteiro de Sta. María de Monfero.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Mosteiro de Sta. María de Monfero é un dos monumentos máis impresionantes de Galiza, pola súas dimensións, pola fermosura do lugar no que se atopa no corazón das Fragas do Eume, así como pola historia que o atravesa, que dun xeito ou doutro foi deixando a súa pegada no propio mosteiro.

Nacido como tantos grandes monumentos eclesiásticos a partir de outros menores, moi anteriores no tempo, o mosteiro de Monfero conta a través da súa arquitectura, e dos fitos da súa fundación, construción, ampliación, abandono, reformas, e ruína, a historia de Galiza.

Unha historia que inclúe nos últimos 100 anos unha primeira declaración como Monumento histórico-artístico polo goberno republicano, un posterior intento fracasado, durante os anos 50 do século XX, de trasladar a fachada da igrexa a San Pedro de Mezonzo na Coruña, e no ano 2003 unha cesión de usos á Xunta de Galiza por un período de 50 anos por parte do seu actual titular o Arcebispado de Santiago de Compostela.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Forma parte, polo tanto, do catálogo de Bens de interese cultural de Galiza, o que se contradí co seu penoso estado actual, de abandono total, do que apenas se salva a igrexa (excluída da cesión), que mantén un certo grao de conservación suficiente para realizar o culto.

A Xunta de Galiza non só non dedicou desde o ano 2003 ningún esforzo á rehabilitación e posta en valor do conxunto patrimonial, senón que abandonou igualmente calquera obriga de divulgación e restauración da súa historia e mesmo da súa existencia, até o punto de causar estupor a todas as persoas que chegan a coñecelo.

A potencialidade turística dun semellante monumento resulta máis que evidente, así como o feito de constituír xunto co Parque das Fragas do Eume, un conxunto da primeira orde mundial, que ben explotado podería financiar o seu mantemento e conservación así como servir de fonte de riqueza para toda a comarca do Eume.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que xestións está a realizar a Xunta de Galiza para rehabilitar e poñer en valor o Mosteiro de Sta. María de Monfero?

. Que xestións está a realizar a Xunta de Galiza para divulgar e dar a coñecer ao público e aos escolares galegos e galegas a riqueza patrimonial, artística e histórica do Mosteiro de Sta. María de Monfero?

. Que xestións está a realizar a Xunta de Galiza para incluír o Mosteiro de Sta. María de Monfero nos itinerarios turísticos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Que expectativas ten a Xunta de Galiza en canto a cesión de usos do Mosteiro de Sta. María de Monfero? Valora a Xunta de Galiza a posibilidade de facerse coa titularidade do conxunto patrimonial?

. Que mecanismos contempla a Xunta de Galiza que permitan preservar os investimentos públicos que se poidan realizar para a rehabilitación do conxunto patrimonial do Mosteiro evitando que revertan ao Arcebispado de Santiago de Compostela?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2022

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/04/2022 10:03:40

Daniel Pérez López na data 08/04/2022 10:03:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/04/2022 10:03:53



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, aprobada con máis de dous anos de retraso con respecto á lei estatal do ano 2013, establece e desenvolve o dereito da cidadanía a pedir á Administración calquera información que estea no seu poder. Se a Administración non contesta a esa petición ou declina facilitar a información solicitada conforme a algunha das excepcións previstas pola propia lei, pódese recorrer á Comisión da Transparencia de Galicia, competencia da Valedora do Pobo. Non obstante, seis anos despois da aprobación da lei galega, esta carece de regulamento que indique as consecuencias do incumprimento por parte da Administración no caso de que a Valedora determine que o cidadán ten razón e que a Administración ten que facilitar a información solicitada e, por tanto, a Valedora non ten xeito de obrigar a Administración a proporcionar a información solicitada, e o cidadán en cuestión non ten máis remedio, en caso de que a Administración non cumpra a resolución da Valedora facilitando a información solicitada como ocorre frecuentemente, que acudir á Xustiza, o cal implica, ademais dun coste económico, un retraso de tempo moi elevado que desvirtúa por completo a finalidade do dereito de acceso á información pública configurado polo artigo 105.b da Constitución e pola propia lei estatal.

É dicir, hoxe en Galicia ese dereito é meramente teórico pero non existe na práctica a non ser que o declare un xulgado, de xeito que a Administración pode negarse a facilitar calquera información que lle resulte “incómoda”, confiada en que un cidadán normal non incorrerá no gasto de tempo e cartos que implica un proceso xudicial e, por tanto, desistirá da súa pretensión. Esta situación choca frontalmente coas declaracións no seu momento do Sr. Feijóo, que dixo a lei de transparencia galega sería “das máis avanzadas de Europa” e coas frecuentes declaracións dos responsables do Goberno galego, que presumen dunha transparencia que na realidade é completamente inexistente.

Na mesma liña, o artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia establece que:



1. *Para o mellor cumprimento das súas funcións parlamentarias, os deputados, logo de coñecemento do respectivo grupo parlamentario, terán a facultade de solicitar das administracións públicas os datos, informes ou documentos que consten en poder destas.*
 2. *A solicitude dirixirase, en todo caso, por conduto da Presidencia do Parlamento, e a Administración autonómica deberá facilitar a documentación solicitada ou manifestar á Presidencia do Parlamento, en prazo non superior a trinta días e para o seu máis conveniente traslado á persoa solicitante, as razóns fundadas en dereito que o impidan, ou comunicar a súa disposición para lle permitir o acceso directo á documentación solicitada.*
- 2 bis. *No caso de que a Administración autonómica non facilite a información requirida e de que non medie comunicación que xustifique a negativa no prazo sinalado na alínea anterior, transcorridos trinta días as solicitudes de información poderán ser reconvertidas, sempre por petición do autor ou da autora delas, en pregunta en comisión, onde recibirán o tratamento das preguntas orais.*

Por tanto, o Regulamento establece –con toda lóxica democrática- que os deputados e deputadas poden solicitar os datos, informes ou documentos que teñan as administracións, e establece tamén a obriga da Administración galega de facilitalos ou fundamentar unha eventual negativa nun prazo de 30 días, pero a realidade é que a Administración galega non da resposta á inmensa maioría das peticións realizadas consonte ao artigo 9, nin en 30 días nin en 30 anos, o cal deixa ao deputado ou deputada a posibilidade de reconverter a súa petición en pregunta, pero unha pregunta non obriga á Administración a facilitar ningún tipo de información e, na práctica, nin sequera a dar resposta realmente á pregunta que se lle fai.

Por iso o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cando vai a Xunta de Galicia a garantir que o dereito de acceso á información pública sexa real e efectivo na nosa comunidade sen necesidade de acudir aos tribunais?
- 2ª) É consciente a Xunta de Galicia de que o dereito á información pública, que é un dos piares da nosa democracia, vulnérase cada día en Galicia estando



configurado na práctica como unha facultade da Administración galega e non como unha obriga?

3ª) Por que incumpre a Administración galega resolucións da Comisión de Transparencia de Galicia obrigando aos afectados a acudir á Xustiza para obter a información?

4ª) Por que incumpre sistematicamente a Administración galega o mandato do artigo 9 do Regulamento do Parlamento?

Pazo do Parlamento, 7 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 08/04/2022 12:48:00

Paloma Castro Rey na data 08/04/2022 12:48:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a venda de centrais hidroeléctricas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2019 asistimos a un progresivo desmantelamento encuberto da actividade produtiva dun dos últimos complexos industriais que existen na Costa da Morte.

XEAL (antiga Ferroatlántica) está integrado por dúas fábricas, a de Cee e Dumbría, adicadas á produción de ferroalixes, que chegaron a dar emprego directo no ano 1992 a 525 persoas, mais o número de traballadores foi descendendo de xeito continuo dende ese momento, a pesar da rendibilidade das plantas e da saída que tiña no mercado o alí producido.

A explicación desa sangría constante de postos de traballo hai que buscala na intencionalidade especulativa dos sucesivos propietarios do complexo industrial, máis interesados na explotación das centrais hidroeléctricas vinculadas á actividade das fábricas, que na propia actividade industrial.

Convén recordar que a explotación das centrais hidroeléctricas vai unido de xeito indisolúbel ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas, tal e como confirmaron diferentes sentenzas xudiciais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E convén recordar que a concesión do aproveitamento das centrais depende da Xunta de Galiza, que no 2019 autorizou, xunto coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o cambio de titularidade das dúas plantas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, que pasaron do Grupo Villar Mir ao fondo estadounidense TPG.

Operación moi cuestionada polo comité de empresa, que temía que o que se buscaba con esta compravenda era a segregación de actividade industrial e explotación das centrais, seguindo a liña empresarial mantida pola anterior dirección de quedarse co lucrativo negocio enerxético, mentres se deixaba esmorecer a actividade industrial.

Aínda que dende a actual dirección son constantes as campañas mediáticas orientadas a fortalecer a súa imaxe e un aparente compromiso coa comarca e o emprego, os feitos amosan o contrario.

Dende o 2019 perdéronse máis de 110 empregos entre directos e indirectos, así coma empresas auxiliares da zona; reduciuse drasticamente a actividade dos fornos e asistimos a un recorte constante de dereitos laborais das traballadoras e traballadores en activo, pero tamén dos pasivos.

Esa actitude, que constitúe unha segregación encuberta de actividades por parte da empresa, ao “adelgazar” cada vez máis a plantilla das fábricas e reducir de xeito inxustificable a actividade produtiva e os investimentos, visibilízase de xeito claro no proceder da dirección empresarial durante a negociación do convenio propio, que foi xudicializado e a día de hoxe se atopa sub iudice.

Ante esta situación e cos antecedentes existentes, resultábanos incompresíbel a inacción da Xunta de Galiza, con competencias plenas en materia industrial e con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade política para mediar e contribuír a atopar unha saída á delicada situación das fábricas de Cee e Dumbría.

XEAL amosou e amosa cos feitos que o seu interese céntrase exclusivamente na lucrativa explotación das centrais hidroeléctricas, levando a cabo unha segregación encuberta de actividades, prohibida polas cláusulas das concesións das centrais.

Por iso dende este grupo parlamentar temos solicitado , do goberno galego, e en concreto Augas de Galiza, exerzan as súas funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, que de haberse vulnerado como todo apunta, poderían supoñer a reversión inmediata dos dereitos de explotación.

Pero as nosas demandas foron vetadas unha e outra vez polo grupo parlamentar do Partido Popular, dun xeito incomprensíbel e incompatíbel coa defensa do emprego e da actividade produtiva das fábricas de cee e Dumbría.

Agora asistimos a un novo movemento do fondo de inversión TPG, actual propietario do complexo industrial, que pon á venda as fábricas de ferroaliacións e centrais hidroeléctricas.

Unha operación de venda que segundo medios periodísticos podería ser superior aos 200 millóns de euros, que se produce nunha conxuntura especialmente favorábel para instalacións que contén con centrais hidroeléctricas adicadas a á xeración de enerxía.

Operación de venda que, precisamente pola situación conxuntural na que se produce, e polos antecedentes que confirman de xeito indubitado o desmantelamento sistemático e continuado da actividade produtiva e adelgazamento da plantilla das fábricas de Cee e Dumbría, vén a confirmar o que a representación da parte social e o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vén denunciando dende fai anos: que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o único interese dos diferentes propietarios das instalacións foi e é lucrarse dos pingües beneficios derivados do negocio enerxético.

Ante esta constatación irrefutábel do que se persegue con esta operación, e coa anterior, faise absolutamente necesario que o goberno galego, e en concreto a Consellería de Industria, se posicionen dun xeito claro e sen ambaxes sobre esta venda.

Venda que vén a dotar, se iso era posíbel, de maior incerteza a viabilidade futura, non das centrais hidroeléctricas, senón das fábricas de ferroaliacións e por extensión do emprego e da actividade produtiva.

Parece imprescindible que o goberno galego e Augas de Galiza exerzan as súas funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, facendo valer as mesmas e as sentenzas ditadas sobre a cuestión, e que explique á parte social (pero tamén á comarca da Costa da Morte), que concretas actuacións tendentes a manter o emprego e a actividade produtiva das fábricas vai levar a cabo.

De materializarse esa venda, o goberno galego non pode perder a oportunidade de ser proactivo e adoptar as medidas que sexan idóneas para recuperar a plena actividade produtiva das fábricas e o nivel de emprego do 2019.

As cláusulas de vinculación de actividade industrial e enerxética permiten (e existen) esa actuación da Xunta de Galiza, de quen depende outorgar a concesión do aproveitamento das centrais hidroeléctricas e a reversión desas concesións en caso de incumprimento de aquelas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Tiña coñecemento o goberno galego da intención de XEAL de vender a empresa?

Comunicoulle a Xunta de Galiza á empresa XEAL a posibilidade de reversión dos dereitos de explotación das centrais hidroeléctricas ante o incumprimento palmario das obrigas de mantemento de emprego e actividade ao que obrigan as cláusulas concesionais?

Considera o goberno galego que XEAL cumpriu até o de agora coas cláusulas de vinculación de actividades?

Cal entende o goberno galego que é o nivel de emprego a cuio mantemento obrigan as cláusulas de vinculación?

Cal entende o goberno galego que é nivel de actividade produtiva a cuio mantemento obrigan as cláusulas de vinculación?

Que concretas actuacións vai adoptar o goberno galego para garantir que se recupere a plena actividade produtiva e o mantemento do emprego, no caso de facerse efectiva a venda anunciada?

Considera o goberno galego que XEAL, ou os seus posibles futuros propietarios, están obrigados ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas con base nas cláusulas da concesión de explotación das centrais hidroeléctricas e sentenzas xudiciais?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2022





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Daniel Pérez López
Ramón Fernández Alfonzo
Carme González Iglesias
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 08/04/2022 13:00:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/04/2022 13:00:07

Daniel Pérez López na data 08/04/2022 13:00:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a adxudicación de contratos por parte da Consellaría de Sanidade, pola vía de urxencia, a unha empresa vinculada coa presidenta da Comunidade de Madrid.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro saltou aos medios de comunicación a información de que a Comunidade de Madrid lle tiña adxudicado durante a pandemia pola Covid 19 contratos sen publicidade pola vía de urxencia a empresas vinculadas coa presidenta da Comunidade. Contratos polos que tería cobrado comisión o seu irmán.

Vimos de coñecer que na mesma época a Consellaría de Sanidade tamén lle adxudicou un contrato negociado sen publicidade pola vía de urxencia a unha empresa vinculada coa presidenta da Comunidade de Madrid, Prhoinsa, Proxectos hospitalarios Internacional

Esta circunstancia fai saltar as alarmas pola similitude do modus operandi e porque o documento de resolución da adxudicación non figura na web da plataforma de contratos da Xunta. Temor de que poida existir tamén unha contratación irregular, similar á acontecida na Comunidade de Madrid, polo que consideramos que é preciso luz e taquígrafos sobre esta contratación. Non pode haber ningunha dúbida ao respecto da transparencia desta adxudicación, é preciso clarificar se houbo algunha persoa que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mediou e moito menos que tivera cobrado algunha comisión por esa mediación ou se tivera realizado un sobreprezo para beneficio propio.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai realizar a Consellaría de Sanidade unha auditoría externa sobre os contratos negociados sen publicidade, realizados pola vía de urxencia, coa empresa Prhoinsa, Proxectos hospitalarios Internacional, desde o inicio da pandemia pola Covid 19 até a actualidade?

. Cantos contratos ten realizado a Consellaría de Sanidade coa empresa Prhoinsa, Proxectos hospitalarios Internacional, desde o inicio da pandemia pola Covid 19 até a actualidade?

. Quen realizou as adxudicacións?

. Quen actuou de intermediario entre a Consellaría e a empresa?

. Por que o documento de resolución da adxudicación non figura na web da plataforma de contratos da Xunta?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/04/2022 09:45:35

Iria Carreira Pazos na data 11/04/2022 09:45:44

Olalla Rodil Fernández na data 11/04/2022 09:45:52





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os principios recollidos no artigo 4º do Decreto 79/2010 destaca a adquisición dun coñecemento efectivo en lingua(s) estranxeira(s), nun marco xeral de promoción do plurilingüismo no sistema educativo de Galicia.

Un principio que se engade ao predeterminado pola Lei de normalización lingüística a respecto da garantía de adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Asemade, a Disposición adicional 5ª regula a avaliación do resultado de consecución destes obxectivos.

Neste sentido, o Decreto 79/2010 regula que “con periodicidade anual, despois de finalizar o curso escolar, a consellería competente en materia de educación, avaliará os resultados derivados da aplicación deste decreto e desenvolverá cantas disposicións fosen precisas para o mellor cumprimento e adaptación dos seus obxectivos co fin de que poida achegarse gradualmente ao marco dun ensino plurilingüe e á plena aplicación da Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pouco despois o DOG publica, con data de 12 de maio de 2011, a Orde pola que se regulan as seccións bilingües en centros sostidos con fondos públicos de ensino non universitario e mais a Orde pola que se regulan os centros plurilingües na Comunidade Autónoma de Galicia e se establece o procedemento de incorporación de novos centros á Rede de Centros Plurilingües de Galicia.

A respecto da primeira orde, regúlase a sección bilingüe como a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria ou bacharelato, ou dun módulo de formación profesional específica, que se cursa nun nivel por un grupo de alumnos ou alumnas dun xeito bilingüe: na lingua cooficial que corresponda, segundo a normativa vixente, e nunha lingua estranxeira falada na Unión Europea, que é impartida como área ou materia ao devandito grupo de alumnos e alumnas.

A incorporación da lingua estranxeira á docencia na sección bilingüe acadará un mínimo dun 50 por cento.

Os centros públicos autorizados para participar no desenvolvemento de seccións bilingües, poderán contar cunha asignación orzamentaria anual.

Ao igual que no caso do Decreto 79/2010 tamén nesta Orde se regula o procedemento de avaliación deste programa, sendo a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a que levará a cabo o seguimento e avaliación dos proxectos co fin de verificar a súa realización, a calidade e os resultados obtidos.

A respecto da segunda Orde, este regula os centros plurilingües, aqueles centros en que se impartan nunha lingua estranxeira áreas ou materias non lingüísticas, de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

educación primaria e/ou secundaria, cunha carga horaria total impartida en lingua estranxeira de ata o máximo dun terzo do horario lectivo do grupo de alumnado.

A avaliación destes proxectos correspóndelle á inspección educativa, responsábel de supervisar o proceso de implantación e desenvolvemento do programa nos centros plurilingües, prestándolle especial atención á práctica docente, así como propor medidas de mellora.

Asemade, ao remate de cada etapa educativa, co fin de verificar o grao de dominio da lingua estranxeira, levarase a cabo a avaliación do alumnado participante no programa plurilingüe, seguindo o procedemento que determine a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En ambos os dous casos, as Ordes regulan o compromiso do goberno coa formación do profesorado nesta didáctica específica para o desenvolvemento dos programas plurilingües.

Transcorrida máis dunha década da regulación e implantación das seccións bilingües e da rede de centros plurilingües e non tendo publicada a Consellería ningunha avaliación didáctica, o grupo parlamentario do BNG amosa o seu interese por coñecer a evolución e o resultado académico do desenvolvemento deste programa neste tempo na mellora das aprendizaxes lingüísticas en linguas estranxeiras e mais na adquisición das competencias nas correspondentes materias non lingüísticas.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:



- Cal é a incidencia relativa (porcentual) dos centros plurilingües segundo a titularidade (pública/privada) e segundo a etapa escolar (infantil, primaria, secundaria)? E en relación ao alumnado beneficiado?

- Que materias son as máis impartidas en lingua estranxeira nos centros plurilingües? Existen diferenzas a este respecto entre os centros públicos e privados?

- Aumentou a desigualdade na adquisición de competencias lingüísticas en Linguas Estranxeiras (titularidade do centro, contorna do centro...)?

- Que resultado académico ten ofrecido a avaliación anual do programa das seccións bilingües e dos centros plurilingües?

- Que evolución cualitativa presenta a adquisición de competencias en linguas estranxeiras no noso alumnado?

- Que evolución cualitativa presenta a adquisición das competencias curriculares das materias non lingüísticas impartidas en linguas estranxeiras?

- Cal é o incentivo que máis está contribuíndo, de ser o caso, á mellora de competencias lingüísticas en linguas estranxeiras do alumnado dos centros plurilingües? Os auxiliares de conversa, a impartición de materias non lingüísticas en lingua estranxeira, a formación en lingua estranxeira do profesorado que imparte materias non lingüísticas en lingua estranxeira, as actividades de inmersión lingüística dirixidas ao alumnado, as posibilidades de acreditación de nivel polo alumnado?

- Cal é o detalle económico dos anteditos incentivos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten feito o goberno unha avaliación académica e cualitativa de conxunto do desenvolvemento das seccións bilingües e dos centros plurilingües despois de cumprida unha década?

- Por que non se teñen feito públicas estas avaliacións?

- Está a Inspección educativa facendo un seguimento en relación ás obrigadas adaptacións curriculares para aquel alumnado con problemas de nivel en lingua estranxeira?

- Que volume de investimento ten realizado, desde 2011, a Consellería de Educación nestes dous programas centrados na adquisición de lingua estranxeiras desde a didáctica aplicada a materias non lingüísticas?

- Que valoración fai o goberno da adxudicación destes fondos centrados na adquisición de linguas estranxeiras entre centros educativos públicos e privados?

- Que linguas estranxeiras viron reforzadas a súa aprendizaxe nas liñas dos centros plurilingües?

- Cales son as cifras do alumnado dos centros plurilingües acreditado en lingua estranxeira e en que niveis, grazas ao programa Edulingüe ?

- Serviu este modelo de aprendizaxe de linguas estranxeiras para implementar a Lei Paz Andrade a respecto da aprendizaxe do portugués no ensino?

- Que liñas de reforzo formativo en didáctica integrada de linguas para o profesorado se desenvolveron nesta década?

- Como se percibe este importante reforzo na aprendizaxe de linguas estranxeiras nos resultados das AVAU na última década?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Melloraron os resultados da proba de Lingua Estranxeira nas ABAU ao longo destes once anos de plurilingüismo?

- Como valora o goberno o resultado do investimento na mellora das competencias en linguas non estranxeiras no alumnado galego ao longo dos últimos 11 anos?

- Cal é a evolución durante os últimos 11 anos das posicións de Galicia respecto ás restantes comunidades autónomas, en relación á implantación de centros de aprendizaxe integrada?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/04/2022 11:59:30

Daniel Castro García na data 11/04/2022 11:59:33





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 11/04/2022 11:59:43



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A solicitude de recoñecemento do grao de discapacidade é a fórmula precisa para obter o certificado do grao de discapacidade que acredita a discapacidade das persoas no noso país. As pautas de valoración, segundo a propia administración competente, fundaméntanse sobre todo nos efectos para a capacidade de realizar as actividades básicas da vida diaria.

Este recoñecemento efectúase a través dos EVO (Equipos de valoración e orientación) dependente da Consellería de Política Social.

O feito de alcanzar un 33 % condiciona o acceso a unha serie de beneficios fiscais, laborais, económicos, educativos ou sociais.

Os EVO son equipos multidisciplinares formados por persoal médico, do ámbito da psicoloxía e do traballo social, que executan actuacións específicas á valoración e cualificación da discapacidade, así como da orientación para a habilitación, rehabilitación e medidas destinadas a favorecer ás persoas con discapacidade.

Actualmente as valoracións para obter o recoñecemento de grao de discapacidade estanse a facer de xeito presencial. Non obstante, fixéronse valoracións telemáticas para valorar o grao de discapacidade dende o inicio da pandemia no ano 2020, ata polo menos outubro de 2021, que teñamos constancia. Sería fundamental coñecer o cómputo global dos casos valorados de xeito telemático. Dada a casuística a tratar, dende o Grupo Parlamentario Socialista instamos o Goberno galego nese intre mediante diversas iniciativas parlamentaria para que de xeito inmediato e con todas as precaucións e cumprindo a normativa sanitaria, retomasen as valoracións presenciais por parte dos EVO. É evidente que a valoración dunha cuestión que determinará certos dereitos ás persoas con discapacidade, tense que dar de xeito presencial con todas as garantías que optimicen a súa calidade, polo que dende o Grupo Socialista consideramos un erro o feito de que o Goberno galego efectuase valoracións de discapacidade ou dependencia de xeito telemático.



É fundamental resarcir esta cuestión, de xeito que dende a Consellería de Política Social se elabore un informe no que se detalle o número de expedientes que recibiron valoración telemática e a variabilidade da porcentaxe tras a resolución derivada da dita valoración ou revisión. De xeito que dende a Administración se promova de oficio unha revisión presencial para todos os casos afectados polas valoracións ou revisións telemáticas.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Cantos expedientes revisados no ano 2020 resolveron unha diminución na porcentaxe de grao de discapacidade? E no ano 2019?
- 2ª) Cantos expedientes recibiron resolución de grao de discapacidade ou revisión froito dunha valoración telefónica?
- 3ª) Considera o Goberno que a calidade ou optimización das valoracións de grao de discapacidade se garanten na totalidade de casos valorados?
- 4ª) Teñen pensado resolver a situación e retomar todas as valoracións presenciais?

Pazo do Parlamento, 11 de abril de 2022





Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/04/2022 14:18:23

Julio Torrado Quintela na data 11/04/2022 14:18:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A chamada nova economía do coñecemento está asociada á facilitación de novas ferramentas do espazo dixital nadas a partir da linguas naturais.

As linguas convértense, así, nunha parte fundamental do desenvolvemento tecnolóxico, empresarial, económico, para alén de determinante na inclusión e benestar social.

Contornas de voz a través de tradutores automáticos, buscadores, asistentes persoais, colocan as linguas no centro da dixitalización e nun espazo clave para ensanchar a comunicación nas linguas que, como o galego, aínda transitan cara á súa normalización.

No contexto económico actual de acceso a fondos europeos extraordinarios, o goberno español acaba de presentar o *Proyecto Estratégico para la Recuperación y Transformación Económica (PERTE)*, cun orzamento total de 1.100 millóns de euros co obxectivo de impulsar a cadea de valor da nova economía da lingua en español.

Cítanse como obxectivos a mellora da vertebración territorial, ensanchando o impacto deste PERTE en todo o territorio español e reforzando a comunicación coa comunidade hispanofalante en Europa e América Latina.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais tamén se recolle neste PERTE o carácter plurilingüe do Estado español, onde as linguas cooficiais teñen un papel importante na produción cultural que tamén teñen en andamento proxectos vinculados ao impulso destas linguas na nova economía dixital da lingua como son o proxecto Aina en catalán, o proxecto Itzuli en euskera e o proxecto Nós en galego.

Un dos cinco proxectos tractores denomínase “Desarrollo de la IA en español y lenguas cooficiales”, vinculado ás tecnoloxías da linguaxe, poñendo a atención en proxectos de comunicación baseados na intelixencia artificial desde e para as linguas cooficiais, como é o caso do Proxecto Nós en galego.

Este PERTE é un proxecto que aínda está en fase de elaboración a partir das suxestións de mellora que se acheguen desde as comunidades autónomas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que xestións está a impulsar a Xunta para asegurar que o Estado destine recursos suficientes e á altura das oportunidades que presenta o Proxecto Nós dentro do PERTE Nueva Economía de la Lengua?

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/04/2022 18:10:34

Daniel Castro García na data 11/04/2022 18:10:44

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/04/2022 18:10:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o respecto pola Xunta de Galiza do dereito fundamental á participación política.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O marco normativo actualmente vixente establece o dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, libremente escollidos en eleccións periódicas por sufraxio universal.

O dereito á participación política implica a potestade lexislativa, como o impulso e control da acción de goberno para o que a representación da cidadanía ten recoñecida a posibilidade de demandar información do Goberno e dos seus departamentos, xa sexan do Estado, como das Comunidades Autónomas ou tamén das Entidades Locais.

A potestade da representación democrática da cidadanía para solicitar información do goberno e da administración pública configura o núcleo básico e esencial da actividade parlamentaria que ten como unha das súas finalidades o control da acción do goberno.

Este dereito de configuración legal está recollido, p.ex. no art. 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza no que se regula, por unha banda, a facultade dos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deputados e deputadas de solicitar das administracións públicas “os datos, informes e documentos que consten en poder destas”; e por outra, o deber da Xunta de Galiza de facilitar, nun prazo de 30 días, a información e documentación solicitada pola representación da cidadanía, agás existan razóns fundadas en Dereito que o impidan.

A realidade é que a Xunta de Galiza ven vulnerando de xeito constante o dereito da cidadanía á información, impedindo o control da acción de goberno. É practica habitual que a Xunta de Galiza eluda contestar ás preguntas que se lle prantexan dende o grupo parlamentario do BNG, e que incumpra a súa obriga de remitir ao Parlamento a documentación e/ou información que se lle solicita dende a Cámara de representación da soberanía popular galega.

A día de hoxe das solicitudes de información/documentación solicitadas polo G.P do BNG ao abeiro do art. 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza na presente legislatura, a Xunta de Galiza non respondeu nin tan sequera a unha quinta parte dos requirimentos efectuados pola Cámara.

Asemade, as escasas ocasións na que a Xunta de Galiza ten a ben atender os requirimentos efectuados dende o Parlamento non quer dicir que se dera cumprida satisfacción ás demandas de información, pois non é infrecuente que a “contestación” sexa para transmitir información parcial ou mesmo para indicar, ás veces inxustificadamente, que non se pode facilitar a información requirida.

O incumprimento sistemático do deber de información supón a vulneración dun dereito fundamental que conforma un dos piares do actual sistema democrático, evitando, ao tempo, a detección e persecución de prácticas irregulares ou mesmo eventualmente constitutivas de delito.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xa que logo non cumpre moita explicación para apreciar o alcance e gravidade de tal infracción continuada ás regras esenciais do sistema democrático.

E por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Considera a Xunta de Galiza que o incumprimento do deber de transmitir a información e/ou documentación que se require dende o Parlamento de Galiza constitúe unha vulneración do dereito fundamental de participación?

. A remisión ao Parlamento de menos dun 20% da información/documentación requirida permite considerar que a Xunta de Galiza respecta á Cámara de representación cidadá?

. Entende a Xunta de Galiza que non remitir a información requirida polo Parlamento impide/limita o cumprimento da función de control da acción de goberno?

. Por que razón a Xunta de Galiza incumpe requirimentos realizados polo Parlamento de Galiza sobre documentación xa entregada noutras institucións ou exhibida publicamente?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Luis Bará Torres

Iria Carreira Pazos

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/04/2022 11:17:59

Xosé Luis Bará Torres na data 12/04/2022 11:18:03

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/04/2022 11:18:13



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Leticia Gallego Sanromán, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia establece na propia exposición de motivos que Estratexia Europa 2020 debe ser a folla de ruta para acadar un crecemento intelixente, sustentable e integrador, capaz de xerar novos empregos e de lograr unha mellor calidade de vida para toda a cidadanía.

No artigo 2 da dita lei establécese que a súa finalidade é contribuír á integración de Galicia na sociedade da información, a través do desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións, como factor esencial para acadar un crecemento económico sustentable, a redución do desequilibrio territorial e a cohesión social na nosa comunidade, e fíxanse seis obxectivos:

- a) *“Impulsar o desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicacións e a súa cobertura na totalidade do territorio.*
- b) *Garantirlle á cidadanía, ás empresas e ás administracións públicas a cobertura das necesidades, actuais e futuras, dos servizos e tecnoloxías da información e da comunicación, co fin de fomentar a competitividade baseada no coñecemento.*
- c) *Garantir un acceso de calidade ás novas tecnoloxías da información e da comunicación.*
- d) *Garantir a instalación de infraestruturas de telecomunicacións mediante unha ordenación coherente, que asegure a protección do territorio, dos recursos naturais e do ámbito paisaxístico, e que promova a cohesión social e a igualdade económica.*
- e) *Eliminar os desequilibrios territoriais reducindo a fenda dixital entre o medio urbano e rural.*
- f) *Fomentar a cooperación e coordinación entre as administracións públicas e entre estas e os operadores de telecomunicacións, co fin de promover que o despregamento das novas redes se realice de forma equitativa, eficiente e respectuosa co ambiente.”*



No mesmo senso, o Goberno do Estado aprobou o 1 de decembro de 2020 o “Plan para a conectividade e as infraestruturas dixitais” cun investimento de 2.320 millóns de euros para o período 2021-2025 co obxectivo de desenvolver unhas infraestruturas de telecomunicacións con capacidade suficiente para dar cumprimento aos obxectivos dixitais desta década, establecendo como metas a cobertura do 100 % da poboación con 100 Mbps en 2025, o 100 % de cobertura de banda larga móbil de 30 Mbps en 2023 e o 100 % dos polígonos industriais con conexión escalable a gigabit en 2025, e a Comisión Europea presentou o 9 de marzo de 2021 a Década Dixital de Europa, unha visión da transformación dixital de Europa co obxectivo de que en 2030 todos os fogares da Unión Europea teñan conectividade xigabit e que 3 de cada 4 empresas dispoñan de computación na nube.

Xa que logo o despregamento das tecnoloxías dixitais establécese como requisito imprescindible para o reequilibrio territorial, elemento fundamental contra o despoboamento no rural, e a cohesión social, mellorando as condicións de vida da cidadanía no seu conxunto.

O 9 de febreiro de 2021 a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia a Resolución de 21 de xaneiro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais e illados, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, para o período 2021-2023, na que se establece que a telefonía móbil é un servizo esencial que permite á poboación o acceso a servizos básicos de emerxencia en calquera situación e reduce o illamento no que se ven inmersas as zoas máis rurais, indicando que xa no 2010 cando a Xunta de Galicia aprobou o Plan de banda ancha de Galicia 2010-2013 no que se definía a estratexia global para posibilitar o acceso ao servizo de banda ancha a toda á sociedade galega, como un dos motores principais para o desenvolvemento de Galicia.

No Diario Oficial de Galicia de data 23 de febreiro de 2022 publicouse a Resolución do 4 de febreiro de 2022 pola que se dá publicidade da subvención concedida ao amparo da resolución anterior á empresa Vodafone España, S.A por unha contía de 3.718.383 euros para o período 2022-2023 e cuxa finalidade é, tal e como se establecen nas bases, a extensión de redes de telefonía móbil en núcleos rurais illados.



A pesares dos varios anuncios que dende 2010 fixo o presidente da Xunta de Galicia, a realidade é que seguemos sen ter unha cobertura axeitada para dar cumprimento aos obxectivos nomeados na Lei de 2013 ou nos distintos plans anunciados pola Xunta de Galicia. En 2019 a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a Federación galega de municipios e provincias asinaron un convenio marco de colaboración no que se fixan unha serie de obrigas aos concellos sen que por parte do Goberno galego se transfira o custe destas obrigas que, nalgúns casos, poden ser máis gravosas que a infraestrutura en si (posta a disposición dos terreos, acometida eléctrica ou/e accesos, entre outras)

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia?

2ª) Considera o Goberno galego que dende 2013 a Xunta de Galicia ten cumprido cos obxectivos establecidos na dita lei?

3ª) Vaise facer cargo a Xunta de Galicia dos custes ocasionados nos distintos concellos do rural nos que se vaian colocar infraestruturas de telefonía móbil?

4ª) Cantos recursos ten recibido o Goberno galego do Goberno do Estado para conectividade e infraestruturas dixitais dende 2020? Cal foi a súa execución?

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/04/2022 12:04:10

Martín Seco García na data 12/04/2022 12:04:52

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 12/04/2022 12:05:12

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/04/2022 12:05:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de creación dun novo xulgado de primeira instancia en Ourense para a súa especialización en dereito de familia e capacidade das persoas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Reiterando o manifestado por este grupo parlamentar en anteriores iniciativas, así como o expresando por diferentes colectivos e operadores xurídicos de Ourense, o Xulgado de Primeira Instancia núm.6 do partido xudicial de Ourense ven soportando dende hai anos unha elevadísima carga de traballo que excede con moito o máximo establecido polo Consello Xeral do Poder Xudicial e que para evitar un inmediato colapso obrigou a adopción de medidas extraordinarias de apoio e reforzo e a un seguimento específico por parte do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Como é ben sabido e recorrentemente invocado pola Xunta de Galiza para tentar xustificar a súa negativa ás demandas de incremento da pranta xudicial de Galiza, o Consello Xeral do Poder Xudicial e o Ministerio de Justicia do Goberno do Estado acordaron a fixación dun módulo orientativo para determinar “a carga de traballo que poda soportar un órgano xurisdiccional”.

No Anexo do referido Acordo establececese en 1.323 o número de entrada de asuntos que podería soportar un Xulgado de Familia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pois ben nos últimos 5 anos, mesmo incluíndo o ano 2018 no que as funcionarias de Administración de Xustiza víronse abocadas a unha folga de 4 meses de duración, os asuntos que tiveron entrada no Xulgado de Primeira Instancia núm.6 de Ourense (que ten atribuído en exclusiva os asuntos propios do dereito de familia, capacidade das persoas...) exceden con moito o nivel máximo establecido polo CXPX.

Así, segundo a estadística xudicial elaborada polo Consello Xeral do Poder Xudicial o número de entrada de asuntos no Xulgado de Familia de Ourense foi:

EXERCICIO	ASUNTOS INGRESADOS
2021	2.292
2020	2.075
2019	2.238
2018	2.029
2017	2.059
2016	2.036

Como consecuencia de tan elevada carga de traballo e do elevadísimo rendemento da oficina xudicial, o Xulgado presenta unhas taxas de pendencia moi superiores á media, polo que resulta incompresíbel que a Xunta de Galiza non propoña a creación dun novo xulgado de Primeira Instancia no partido xudicial de Ourense.

A finais do mes de marzo de 2022 á Comisión Mixta d Xustiza en Galiza acordou propor ao Ministerio de Justicia a creación de 7 novos órganos xudiciais, número extraordinariamente superior aos creados na última década, a pesares do que non se considerou necesario incrementar a planta xudicial de Primeira Instancia no partido de Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Por que razón a Xunta de Galiza non considera necesaria e imprescindible a creación dun novo xulgado de familia no partido xudicial de Ourense?

. Considera a Xunta de Galiza que o número de asuntos ingresados nos últimos anos acredita a necesidade de creación deste novo xulgado?

. Cónstalle á Xunta de Galiza o parecer do Órgano de Goberno do Xuíces/izas sobre a necesidade de crear un novo Xulgado de Familia no partido xudicial de Ourense?

. Entende indicativo da elevada pendencia do Xulgado de Familia que só o número de asuntos pendentes de tramitación sexa superior ao módulo máximo de entrada de asuntos establecido polo CXPX para todo un ano?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2022

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert na data 12/04/2022 15:12:49

Noa Presas Bergantiños na data 12/04/2022 15:12:54

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/04/2022 15:13:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Pérez López, Ramón Fernández Alfonso e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a nova central hidroeléctrica de XEAL no encoro de Santa Uxía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o ano 2019 asistimos a un progresivo desmantelamento encuberto da actividade produtiva dun dos últimos complexos industriais que existen na Costa da Morte.

XEAL (antiga Ferroatlántica) está integrado por dúas fábricas, a de Cee e Dumbría, adicadas á produción de ferroalixes, que chegaron a dar emprego directo no ano 1992 a 525 persoas, mais o número de traballadores foi descendendo de xeito contínuo dende ese momento, a pesar da rendibilidade das plantas e da saída que tiña no mercado o alí producido.

A explicación desa sangría constante de postos de traballo hai que buscala na intencionalidade especulativa dos sucesivos propietarios do complexo industrial, máis interesados na explotación das centrais hidroeléctricas vinculadas á actividade das fábricas, que na propia actividade industrial.

Convén recordar que a explotación das centrais hidroeléctricas vai unido de xeito indisolúbel ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas, tal e como confirmaron diferentes sentenzas xudiciais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E convén recordar que a concesión do aproveitamento das centrais depende da Xunta de Galiza, que no 2019 autorizou, xunto coa Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, o cambio de titularidade das dúas plantas de Cee e Dumbría e das centrais hidroeléctricas, que pasaron do Grupo Villar Mir ao fondo estadounidense TPG.

Operación moi cuestionada polo comité de empresa, que temía que o que se buscaba con esta compravenda era a segregación de actividade industrial e explotación das centrais, seguindo a liña empresarial mantida pola anterior dirección de quedarse co lucrativo negocio enerxético, mentres se deixaba esmorecer a actividade industrial.

Aínda que dende a actual dirección son constantes as campañas mediáticas orientadas a fortalecer a súa imaxe e un aparente compromiso coa comarca e o emprego, os feitos amosan o contrario.

Dende o 2019 perdéronse máis de 110 empregos entre directos e indirectos, así coma empresas auxiliares da zona; reduciuse drasticamente a actividade dos fornos e asistimos a un recorte constante de dereitos laborais das traballadoras e traballadores en activo, pero tamén dos pasivos.

Esa actitude, que constitúe unha segregación encuberta de actividades por parte da empresa, ao “adelgazar” cada vez máis a plantilla das fábricas e reducir de xeito inxustificable a actividade produtiva e os investimentos, visibilízase de xeito claro no proceder da dirección empresarial durante a negociación do convenio propio, que foi xudicializado e a día de hoxe se atopa sub iudice.

Ante esta situación e cos antecedentes existentes, resultábanos incompresíbel a inacción da Xunta de Galiza, con competencias plenas en materia industrial e con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade política para mediar e contribuír a atopar unha saída á delicada situación das fábricas de Cee e Dumbría.

XEAL amosou e amosa cos feitos que o seu interese céntrase exclusivamente na lucrativa explotación das centrais hidroeléctricas, levando a cabo unha segregación encuberta de actividades, prohibida polas cláusulas das concesións das centrais.

Por iso dende este grupo parlamentar temos solicitado , do goberno galego, e en concreto Augas de Galiza, exerzan as súas funcións de control e supervisión do cumprimento das cláusulas de vinculación de actividades, que de haberse vulnerado como todo apunta, poderían supoñer a reversión inmediata dos dereitos de explotación.

Pero as nosas demandas foron vetadas unha e outra vez polo grupo parlamentar do Partido Popular, dun xeito incomprensíbel e incompatíbel coa defensa do emprego e da actividade produtiva das fábricas de cee e Dumbría.

Asistimos fai uns días a un novo movemento do fondo de inversión TPG, actual propietario do complexo industrial, que pon á venda as fábricas de ferroaliacións e centrais hidroeléctricas.

Unha operación de venda que segundo medios periodísticos podería ser superior aos 200 millóns de euros, que se produce nunha conxuntura especialmente favorábel para instalacións que contén con centrais hidroeléctricas adicadas a á xeración de enerxía.

Operación de venda que, precisamente pola situación conxuntural na que se produce, e polos antecedentes que confirman de xeito indubitado o desmantelamento sistemático e continuado da actividade produtiva e adelgazamento da plantilla das fábricas de Cee e Dumbría, vén a confirmar o que a representación da parte social e o grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego vén denunciando dende fai anos: que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o único interese dos diferentes propietarios das instalacións foi e é lucrarse dos pingües beneficios derivados do negocio enerxético.

Ante esta constatación irrefutábel do que se persegue con esta operación, e coa anterior, faise absolutamente necesario que o goberno galego, e en concreto a Consellería de Industria, se posicionen dun xeito claro e sen ambaxes sobre esta venda.

Venda que viña a dotar, se iso era posíbel, de maior incerteza a viabilidade futura, non das centrais hidroeléctricas, senón das fábricas de ferroaliacións e por extensión do emprego e da actividade produtiva.

E cando aínda na comarca se estaba a dixerir a posibilidade desa venda e as consecuencias que pode ter no emprego, publicábase no Diario Oficial de Galiza que XEAL solicitou a modificación da concesión administrativa relativa ao aproveitamento hidroeléctrico de Santa Uxía, no río Xallas.

A empresa pretende así aumentar a produción de enerxía a curto prazo.

Un paso máis da mercantil orientado a seguir potenciando o que era actividade secundaria (produción enerxía) mentres deixa esmorecer a actividade principal: a produción de ferroalixes.

A actitude e a actuación (feitos consumados) dos que son propietarios dende o 2019 xera unha situación de incerteza na comarca, xa que ao desmantelamento constante e contínuo da produción industrial e á perda de emprego, hai que sumarlle a posibilidade anunciada de venda do complexo. E agora, simultaneamente ao anterior, a solicitude de XEAL de aumentar a produción de enerxía a través da instalación de turbinas no encoro de Santa Uxía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Actuacións incongruentes (ou non) e pouco claras, que non fan senón aumentar a sensación de perseguir a empresa unha finalidade especulativa, que pasa, indefectiblemente, por “adelgazar” a actividade industrial e potenciar ao máximo a actividade enerxética.

Ante esta situación, atendendo ás cláusulas de vinculación de actividades, e que a explotación das centrais hidroeléctricas vai unido de xeito indisolúbel ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas (tal e como confirmaron diferentes sentenzas xudiciais), parece lóxico preguntarlle á Xunta, e concretamente a Augas de Galiza, que posición vai adoptar, atendendo á normativa aplicábel, unha vez cumprimentado o trámite de competencia, se non hai outras peticións.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Vai condicionar o goberno galego a construción dunha nova central hidroeléctrica no encoro de Santa Uxía ao mantemento da actividade produtiva e do emprego nas fábricas de XEAL en Cee e Dumbría?

. Tiña coñecemento o goberno galego da intención de XEAL de vender a empresa?

. Comunicoulle a Xunta de Galiza á empresa XEAL a posibilidade de reversión dos dereitos de explotación das centrais hidroeléctricas ante o incumprimento palmario das obrigas de mantemento de emprego e actividade ao que obrigan as cláusulas concesionais?

. Considera o goberno galego que XEAL cumpriu até o de agora coas cláusulas de vinculación de actividades?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Cal entende o goberno galego que é o nivel de emprego a cuio mantemento obrigan as cláusulas de vinculación?

. Cal entende o goberno galego que é nivel de actividade produtiva a cuio mantemento obrigan as cláusulas de vinculación?

. Que concretas actuacións vai adoptar o goberno galego para garantir que se recupere a plena actividade produtiva e o mantemento do emprego, no caso de facerse efectiva a venda anunciada?

. Considera o goberno galego que XEAL, ou os seus posibles futuros propietarios, están obrigados ao mantemento do emprego e actividade industrial das fábricas con base nas cláusulas da concesión de explotación das centrais hidroeléctricas e sentenzas xudiciais?

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2022

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 12/04/2022 15:34:53

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/04/2022 15:34:58

Daniel Pérez López na data 12/04/2022 15:35:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A dependencia dos insumos esóxenos das explotacións leiteiras e cárnicas en xeral deste País ten un punto de inflexión e de difícil retorno en 1992 cando a reforma da PAC reduciu as superficies dedicadas ós cultivos agrícolas, en especial aos cerealistas, en Galiza e no Estado español.

Aquela máxima, considerada case lei, de que se precisaban 1,8 has de terreo por cada dúas UGM deixou de selo e pasouse a unha intensividade e por tanto dependencia de concentrados que se amosa nestes momentos coma perigosa e que ameaza a pervivencia do sector agrogandeiro en xeral.

A volatilidade e carestía crecente dos insumos que se arrastraba desde primeiros do 21 converteuse en ameaza, logo da invasión de Ucraína, á continuidade das explotacións de leite e carne, tanto en intensivo coma en extensivo deste noso País.

Era unha debilidade denunciada polo BNG desde os anos 80 que batía sempre de fronte coa atomización da propiedade, a lentitude dos procesos de concentración parcelaria e a ausencia dunha industria transformadora que deixase o valor engadido aquí, crease emprego e fixase poboación no rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Lei do Banco de Terras (BANTEGAL) aprobada no chamado Bipartito respondía a esa problemática tentando dunha maneira pouco traumática mobilizar terra agrogandeira infrautilizada ou abandonada que resolvese a favor do cultivo e da soberanía alimentaria o cada vez máis patente enfrontamento das dúas sinerxías, a da propiedade en mans de absentistas e a necesidade de superficie agraria dos que viven da terra.

En 2009 e como resultado das eleccións autonómicas, o PP forma goberno e suprime de xeito traumático a xa citada lei e a figura creada deixando outra vez o problema sen remedio e propiciando unha crecente intensividade no lácteo e o peche de miles de pequenas e medianas explotacións.

As cifras que se manexan nestes momentos de explotacións lácteas non pasan de 6.450, delas 3.600 non sobrepasan os 200.000 litros/ano e andaban a fins do 2021 cuns 6-7cts por baixo do custe de produción estimado.

En carne de vacún son arredor de 19.500 explotacións, 8.000 delas en Suprema, cun número aproximado de 400 cebadoiros de xatos.

Mais o problema é estrutural, de modelo, de soberanía alimentaria. Non se pode manter unha cabana gandeira coma a nosa, co 40% da produción de leite de todo o estado, cunha produción de carne de vacún de 96.000 Tn. anuais (14,11% do estado) e cunha interesante produción intensiva de porcino e aves, en base á importación do 80% das materias primas para a fabricación de concentrados. Isto supón que ao menor vaivén nas relacións internacionais ou á menor fluctuación de prezos todo o sistema estaría ameazado e con el a alimentación da cidadanía en perigo.

Recuperar SAU é nestes momentos unha necesidade a curto e longo prazos. A atomización da propiedade, -canto tempo perdido-, a elevada porcentaxe desa





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propiedade en mans absentistas, os milleiros de hectáreas forestadas de xeito ilegal e a falta de incentivos reais e do prestixio imprescindible para o desenvolvemento das actividades agropecuarias reduciron a SAU ata un ridículo 21%.

O venres 21 de maio de 2021, vai case un ano xa, o Diario Oficial de Galiza publicaba a Lei 11/2021, de 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galiza que entrou en vigor no día seguinte da súa publicación.

En palabras do conselleiro do Medio Rural esta lei nacía cun obxectivo ambicioso, como era o de “poñer a producir terras abandonadas e aportar base territorial suficiente ás explotacións que o precisan”. O reto non era pequeno como probaban os datos. Nos últimos 30 anos calcúlase que Galiza perdeu máis de 150.000 hectáreas de superficie agraria útil. Unha parte desa superficie ficou no abandono, outra parte foi forestada, algunha colonizada por frondosas caducifolias e outra urbanizada ou reconvertida en solo industrial.

Porque aconteceu o que se viña anunciando hai anos e non estabamos preparados. A conxunción de varios factores produciu o desastre. Ao longo do 2021 o prezo dos cereais comezou a subir de xeito alarmante, as eléctricas deron en extorsionar á poboación e a toda a industria, os carburantes iniciaron un descontrolado aumento e... guerra en Ucraína e folga de transportistas dunha quincena longa.

E así, a situación da actividade agrogandeira nestes momentos é agónica facendo necesario tomar medidas estruturais e recuperar terra agrogandeira con urxencia para camiñar cara a unha soberanía alimentaria aceptable.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal é opinión do PP referente a un gran pacto estatal para a modificación do artigo 9 da Lei da Cadea Alimentaria?

-Que polígonos agrícolas e gandeiros de iniciativa pública están actualmente aprobados ou en tramitación, custes programados, o seu estado, onde, superficie e previsión de usuarios e proxectos dos mesmos?

-Cantas peticións de polígonos agrícolas e gandeiros de iniciativa privada se encontran en fase de tramitación e consolidación, custes programados, o seu estado, onde, superficie e previsión de usuarios e proxectos dos mesmos?

-Cantas hectáreas de terra se levan mobilizado efectivamente no primeiro ano de aplicación da Lei de Recuperación de Terra Agraria?

-Cantas demandas teñen recibido das distintas administracións locais para a creación de novas aldeas modelo e polígonos agroforestais? En que fase de tramitación están?

-A que se van dedicar eses polígonos? En base a que mapa de usos?

-En que fase se atopa o Mapa de solos agropecuarios e forestais de Galiza?

-Que valoración fan dos resultados efectivos da aplicación da LRTA neste ano?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2022

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 13/04/2022 11:16:48

María González Albert na data 13/04/2022 11:16:56

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/04/2022 11:17:05



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Os distintos grupos parlamentarios recibimos neste mes un escrito emitido pola maioría dos vocais do Pleno do Consello Regulador Ribeira Sacra para pór en coñecemento do Parlamento de Galicia o que cualifican de ataque aos principios básicos da democracia que está a cometer o presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra e da inacción da Consellería do Medio Rural ante estes graves e antidemocráticos acontecementos.

Así mesmo poñen en coñecemento do Grupo Parlamentario Socialista os seguintes feitos:

- Que con data 13/04/2021 lle foi presentada ao presidente do Consello Regulador Ribeira Sacra, cumprindo todas as disposicións legais, unha petición para que convocase un pleno para o debate e votación dunha moción de censura, facendo o señor presidente caso omiso da citada petición.

- Que ante a falta de convocatoria do dito pleno realizóuselle ao presidente do Consello Regulador un requirimento notarial con data 21/05/2021, para a que proceda a convocatoria do correspondente pleno para tratar a moción de censura solicitada. Requirimento notarial ao que o señor presidente novamente fixo caso omiso.

Esta situaciónponse en coñecemento da Consellería do Medio Rural. En resposta a esta con data 18.06.2021 a Axencia Galega da Calidade Alimentaria remítelle un comunicado ao presidente do Consello Regulador no que se lle require para que á maior brevidade de tempo posible, convoque o pleno solicitado, lembráselle nese escrito a súa obriga de “cumprir e facer cumprir as disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso”.

O presidente fai caso omiso a este requirimento en non convoca o pleno legalmente solicitado.



Posteriormente, o día 5 de xullo de 2021 estes sucesos foron postos de novo en coñecemento da Consellería do Medio Rural sen que os asinantes teñan a día de hoxe noticias de ningunha actuación da Consellería ao respecto.

Ante unha situación que a maioría do pleno considera un secuestro democrático, as persoas asinantes do escrito achegado acudiron á valedora do Pobo en dúas ocasións relatando os feitos e ante a inacción da Consellería que coñecedora da situación non exerce ningunha medida encamiñada a “cumprir e facer cumprir as disposicións legais e regulamentarias” e obviando as súas competencias “no control da actividade dos consellos reguladores” e como é o seu deber proceder a restablecer a legalidade que se está a vulnerar e da que a Consellería é garante.

A última contestación da valedora de Pobo é de data 15 de marzo deste ano pola cal require novamente a Consellería do Medio Rural o correspondente informe urxente demandado o 7 de febreiro de 2022. Recordándolle así mesmo obriga de enviar os informes requiridos a tenor do establecido no art. 22 da Lei do Valedor do Pobo e de prestar o auxilio e colaboración que lle sexan demandados.

Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Como valora o Goberno galego que a valedora do Pobo realice un requirimento, ante a inacción da Consellería do Medio Rural, o non enviar o informe solicitado pola institución na tramitación da queixa referente o Consello Regulador Ribeira Sacra?

2ª) Cal é a causa que motiva esta inacción da Consellería de Medio Rural?

3ª) Coñece as consecuencias legais de tal proceder ao ostentar a consellaría o control da actividade dos consellos reguladores ?

4ª) Implica este deixamento de funcións que a vontade da maioría dos vocais do Consello decaia?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2022





Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/04/2022 11:52:08

Martín Seco García na data 13/04/2022 11:52:20





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre as medidas a tomar diante dos vertidos aparecidos en varias praias do sul da ría de Arousa

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En varias praias do sul da ría de Arousa apareceron estes días unha grande cantidade de bolas dun material branquizo, brando e graxento que ao endurecer veñen a dar o aspecto de pedras, algunhas dun tamaño considerábel. Polo aspecto todo parece indicar que son cúmulos de residuos de algo similar a xabón. Estas pedras son especialmente abundantes en praias da zona do Bao na da Illa de Arousa.

Este vertido fixo saltar de novo a preocupación, sobre todo entre o sector do mar, xa que todo indica que é contaminante e polo tanto ser un risco para o medio mariño, con consecuencias medio ambientais e económicas.

Este novo vertido pon en evidencia que o saneamento da ría de Arousa segue a ser unha asignatura pendente. A erradicación dos vertidos contaminantes e a garantía da calidade das súas augas están lonxe de ser unha realidade.

Intensificar a loita contra os vertidos na ría de Arousa ten que ser unha prioridade, é preciso que actuar para impedir os episodios contaminantes. Hai que lembrar que no pasado ano, segundo información da propia Consellaría de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Infraestruturas e Mobilidade, , na ría de Arousa detectáronse 458 puntos de vertido, 14 máis que no ano anterior. A nosa ría ten o triste récord de ser a que máis vertidos ten de toda Galiza.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que acción ter realizado a Xunta de Galiza para determinar a orixe do vertido chegado en forma de bolas branquizas e graxentas a diferentes praias do sul da ría de Arousa, en especial á zona do Bao na Illa de Arousa?

. Ten determinar a composición do material deste vertido, o seu nivel de carga contaminante e as posíbeis consecuencias para o medio mariño?

. Ten aberto algún expediente en aras á aplicación das sancións correspondentes?

. Que accións vai realizar para garantir que non se produza ningún vertido contaminante á ría de Arousa, eliminando de inmediato os 458 existentes, en especial os 53 determinados pola propia Xunta como contaminantes?

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2022

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Rosana Pérez Fernández
Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/04/2022 11:56:08

Rosana Pérez Fernández na data 13/04/2022 11:56:12

María Montserrat Prado Cores na data 13/04/2022 11:56:23



Á Mesa do Parlamento

Martín Seco García e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 13 de maio de 2015 a “Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0”, como un dos eixos fundamentais de desenvolvemento da súa política económica co obxectivo de fixar tecido industrial en Galicia e consolidar o crecemento.

No propio documento din que os retos da axenda son que fose o instrumento que aumente o peso da actividade industrial no conxunto da economía galega ata chegar a un 20 % do PIB europeo no ano 2020.

Se comparamos como magnitude homoxénea unicamente o peso da industria manufacturera (excluindo a enerxía), Galicia debería ser capaz de lograr tamén un peso do 20 % sobre o PIB para estas ramas de produción.

Rexenerar tecido industrial para aumentar o peso do sector industrial e crear emprego de calidade no ano 2020.

En canto ao emprego industrial, para establecer un obxectivo de fronte ao ano 2020, din que debemos ter en conta as seguintes tendencias:

- O obxectivo da Axenda é impulsar un forte crecemento do sector industrial, ata un 50 % adicional do seu peso actual, no valor engadido bruto de Galicia.
- Aínda que os incrementos de produtividade na industria levan a unha menor creación de emprego, en proporción ao peso que alcanza na economía, o emprego industrial debería aumentar en consonancia co impulso ao sector.

A futura conxuntura económica, cos diferentes esforzos que tanto a Administración pública como as entidades privadas están a abordar, debe



conducir a unha recuperación de emprego na economía galega en xeral e na industria en particular.

Desta maneira, o obxectivo da Axenda é incrementar o peso do emprego industrial en catro puntos, o que levaría (segundo a evolución demográfica prevista para o período 2014-2020) ata máis de 50.000 novos ocupados (en termos EPA) na industria.

Tres son as orientacións básicas que guían esta axenda e o seu contido:

- Unha orientación facilitadora que debe presidir todas as medidas de política industrial no período de vixencia da Axenda.
- Un especial impulso da internacionalización e da innovación, polo seu papel esencial no progreso da actividade industrial.
- Unha orientación de estimulación de todas aquelas actuacións que incidan sobre os factores territoriais da competitividade industrial.

Estas orientacións, segundo o previsto pola lei, serán obxecto de desenvolvemento a través dos programas de impulso desta axenda e a través daquelas actuacións ou grandes proxectos industriais que teñan un impacto relevante no sector.

É dicir que as dúas metas principais da axenda ata o 2020 eran o crecemento do sector industrial ata significar un 20 % do PIB galego, e a creación de 50.000 novos postos de traballo na industria, pero non sabemos se o Goberno galego ademais de aplicar a dita axenda ata o ano 2022 fixo unha avaliación desta axenda e dos seus resultados, como correspondería a unha administración seria, que ademais de falar de plans estratéxicos, proxectos, axendas e outros, debería logo avaliar o seu resultado.

Por todo iso, o deputado e a deputada que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é o grao de cumprimento da “Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0”?



2ª) Ten o Goberno galego elaborado ou encargado unha avaliación desta axenda?

Pazo do Parlamento, 13 de abril de 2022

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/04/2022 12:17:00

María Leticia Gallego Sanromán na data 13/04/2022 12:17:14



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 6927**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/a do mesmo grupo, sobre **“a previsión da Xunta de Galicia de aprobar un regulamento de desenvolvemento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, en consenso coas asociacións e os demais axentes implicados”**, (publicada no BOPG número 104 do 1 de marzo de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 24 de marzo de 2022 pola directora xeral de Patrimonio Natural, en resposta á pregunta oral 30986.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 24 de marzo de 2022:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=YzQ2OGI3MGQtYmE5Ni00YTdhLWFLZTUtMzk3M2E4Y2EwYWw&start=66](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzQ2OGI3MGQtYmE5Ni00YTdhLWFLZTUtMzk3M2E4Y2EwYWw&start=66)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:03:32
Nº Rexistro: 33682
Data envío: 12/04/2022 11:03:32.850

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:03:30

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 14261**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Felisa Rodríguez Carrera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre " **o obxectivo da proposta da Xunta de Galicia de modificación do calendario escolar para o curso 2021-2022, para o alumnado de ESO, bacharelato e primeiro curso de FP Básica**", (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

"O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 4 de xuño a orde de calendario escolar que rexerá para o vindeiro curso 2021-2022, que arrancará o día 9 de setembro co inicio das clases para o alumnado das etapas de 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Especial, mentres que os alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), de Bacharelato e de Formación Profesional incorporaranse ás aulas o día 15 de setembro. Para todos eles as clases rematarán o día 22 de xuño de 2022.

As probas finais extraordinarias para os alumnos de Secundaria, 1º de Bacharelato e 1º de FP Básica realizaranse a finais de xuño, cun axuste nas datas definitivas tal e como solicitaban as anpas e un período de reforzo para o alumnado que o precise.



A Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia pode consultarse no seguinte enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210604/AnuncioG0598-210521-0001_gl.html

Pode ampliarse a información consultando o enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/34144>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

,Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:54:46
Nº Rexistro: 33809
Data envío: 18/04/2022 13:54:46.717

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 13:54:43

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 16142**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do período de adaptación na educación infantil"**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

"O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 4 de xuño a orde de calendario escolar que rexerá para o vindeiro curso 2021-2022, que arrancará o día 9 de setembro co inicio das clases para o alumnado das etapas de 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Especial, mentres que os alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), de Bacharelato e de Formación Profesional incorporaranse ás aulas o día 15 de setembro. Para todos eles as clases rematarán o día 22 de xuño de 2022.

No caso do alumnado de Educación Infantil que se incorpora por primeira vez a un centro educativo, mantense o sistema de funcionamento de cursos anteriores, cun período de adaptación que non se alongará máis aló do 21 de setembro deste ano.



A Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia pode consultarse no seguinte enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210604/AnuncioG0598-210521-0001_gl.html

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33819
Data envío: 18/04/2022 15:27:04.720

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 15:27:00

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 14260**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Felisa Rodríguez Carrera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os obxectivos e o impacto que vai ter a proposta da Xunta de Galicia de modificación do calendario escolar para o curso 2021-2022, no referido ás probas de recuperación do alumnado de ESO, bacharelato e primeiro curso de FP Básica”**, (publicada no BOPG número 126 do 21 de abril de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 4 de xuño a orde de calendario escolar que rexerá para o vindeiro curso 2021-2022, que arrancará o día 9 de setembro co inicio das clases para o alumnado das etapas de 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Especial, mentres que os alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), de Bacharelato e de Formación Profesional incorporaranse ás aulas o día 15 de setembro. Para todos eles as clases rematarán o día 22 de xuño de 2022.

As probas finais extraordinarias para os alumnos de Secundaria, 1º de Bacharelato e 1º de FP Básica realizaranse a finais de xuño, cun axuste nas datas definitivas tal e como solicitaban as anpas e un período de reforzo para o alumnado que o precise.



A Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia pode consultarse no seguinte enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210604/AnuncioG0598-210521-0001_gl.html

Pode ampliarse a información consultando o enlace:

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/34144>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:54:53
Nº Rexistro: 33810
Data envío: 18/04/2022 13:54:53.529

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 13:54:50

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 16141**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do período de adaptación na educación infantil”**, (publicada no BOPG número 144 do 26 de maio de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publicou o pasado 4 de xuño a orde de calendario escolar que rexerá para o vindeiro curso 2021-2022, que arrancará o día 9 de setembro co inicio das clases para o alumnado das etapas de 2º ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Especial, mentres que os alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), de Bacharelato e de Formación Profesional incorporaranse ás aulas o día 15 de setembro. Para todos eles as clases rematarán o día 22 de xuño de 2022.

No caso do alumnado de Educación Infantil que se incorpora por primeira vez a un centro educativo, mantense o sistema de funcionamento de cursos anteriores, cun período de adaptación que non se alongará máis aló do 21 de setembro deste ano.



A Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia pode consultarse no seguinte enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210604/AnuncioG0598-210521-0001_gl.html

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33820
Data envío: 18/04/2022 15:27:11.454

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 15:27:08

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 22262**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“o funcionamento do ferri entre A Guarda e Caminha”**, (publicada no BOPG número 207 do 30 de setembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A finais do pasado ano o Goberno da Xunta mantivo conversas coa AECT Río Miño que permitiran a sinatura dun convenio para a articulación do transporte transfronteirizo en autobús. A posibilidade deste transporte internacional está contemplado nos contratos do Plan de Transporte Público de Galicia, pero polo momento a medida aínda non frutificou”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:02:54
Nº Rexistro: 33676
Data envío: 12/04/2022 11:02:54.710

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:52

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 23444**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández e dona Paloma Castro Rey, sobre **"as accións da Xunta de Galicia en materia medioambiental para mellorar o estado ecolóxico das áreas urbanas de Galicia"**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 24 de febreiro de 2022 pola directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 29750.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 24 de febreiro de 2022:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjllMDUzMGEtMGQ5YS00ZTk2LTkxMzYtZjEwZDYxNjEwOWQ4>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:02:48
Nº Rexistro: 33675
Data envío: 12/04/2022 11:02:48.273

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:46

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 24482**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a creación e financiación dunha rede de vixilancia epidemiolóxica para a detección e alerta anticipada de virus nas augas residuais"**(publicada no BOPG número 229 do 18 de novembro de 2021), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Esta pregunta responde a DX de Saúde Pública, na comisión 5ª celebrada o 23 de decembro de 2021.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

id=M2U4ZDZlMTEtZmQ2Ni00ZmMzLTk1ZmEtZGYzMDViODg3ZWU0

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 12:59:33
Nº Rexistro: 33702
Data envío: 12/04/2022 12:59:33.161

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 12:59:24

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 18306**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para elaborar un programa de termalismo social”**, (publicada no BOPG número 173 do 26 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Prsidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é o principal destino termal de España. O número de mananciais existentes na comunidade supera os 300, o que a converte nunha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais.

Os nosos balnearios contan cunha longa tradición como centros terapéuticos, de relax e de lecer, ofrecendo experiencias turísticas termais para vivir Galicia dunha maneira diferente, a través da auga, conxugando o mellor da nosa terra co descanso en balnearios e talasos co obxectivo de chegar a todo tipo de visitantes e grupos de idades.

A través de iniciativas como o programa Elixé Galicia dende a Xunta de Galicia veuse potenciando o desenvolvemento de programas de termalismo social. A maiores compre destacar as iniciativas “Verán Termal” e “Outono Termal”, programas de desestacionalización da oferta termal galega que veñen de lanzar a Xunta de Galicia e Asociación de Balnearios de Galicia de xeito conxunto co que se busca a promoción do turismo termal na nosa comunidade, a través de estadias en balnearios galegos. A iniciativa inclúe propostas de estadias cun programa especial balnearios galegos situados nas catro provincias. En total ofertáronse arredor de 1.600 prazas nos balnearios de Galicia entre as dúas edicións.



Esta nova iniciativa encádrase no marco do Plan de Choque co que o Goberno galego está a reimpulsar os sectores especialmente afectados pola pandemia. A través desta iniciativa búscase fomentar a recuperación dun sector como o termal, referente para o sector turístico galego pola súa calidade, diferenciación e capacidade de atracción turística, o que lle confire un valor estratéxico para a economía galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:03:26
Nº Rexistro: 33681
Data envío: 12/04/2022 11:03:26.585

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:03:24

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 19595**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a mobilidade por medio de transporte público colectivo entre os concellos da comarca de Muros e Noia e as comarcas de Santiago de Compostela e da Barbanza”**, (publicada no BOPG número 180 do 4 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo desenvolvido pola Xunta nos últimos anos para renovar e modernizar todas as concesións de transporte interurbano permitiu dotar aos galegos dun transporte público por estrada eficaz, competitivo e mellor adaptado ás súas necesidades.

O Plan de Transporte Público está en un proceso constante de mellora e ampliación para adecuarse ás necesidades de mobilidade cambiantes dos usuarios.

A Xunta de Galicia está a impulsar a creación da Área de Transporte de Galicia, a través dunha modificación do Plan de Transporte Público de Galicia, que permitirá estender todas as vantaxes das actuais Áreas de Transporte Metropolitano ao conxunto dos concellos de Galicia.



Ao incorporar a todos eses concellos ao esquema de bonificacións da Área de Transporte de Galicia, ademais de bonificacións directas a todas as viaxes, producirase unha despenalización do custe dos transbordos, que incentivará aínda máis a demanda de uso no transporte público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:24:30
Nº Rexistro: 33692
Data envío: 12/04/2022 11:24:30.998

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:24:27

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 19937**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para o remate das obras de urbanización do segundo tramo da circunvalación urbana da cidade de Monforte”**, (publicada no BOPG número 187 do 13 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O tramo da LU-664, comprendido entre o punto quilométrico 1+620 (glorieta do Peregrino) e o punto quilométrico final 2+710 (intersección coa antiga N-120), púxose en servizo no ano 2007. A partir deste punto estaba previsto que o Goberno central construíse o seguinte tramo que conectaría coa estrada nacional N-120”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:24:23
Nº Rexistro: 33691
Data envío: 12/04/2022 11:24:23.920

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:24:21

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 22261**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“o funcionamento do ferri entre A Guarda e Caminha”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A finais do pasado ano o Goberno da Xunta mantivo conversas coa AECT Río Miño que permitiran a sinatura dun convenio para a articulación do transporte transfronteirizo en autobús. A posibilidade deste transporte internacional está contemplado nos contratos do Plan de Transporte Público de Galicia, pero polo momento a medida aínda non frutificou”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:03:01
Nº Rexistro: 33677
Data envío: 12/04/2022 11:03:01.038

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:58

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 24484**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a creación e financiación dunha rede de vixilancia epidemiolóxica para a detección e alerta anticipada de virus nas augas residuais”**, (publicada no BOPG número 228 do 17 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta responde a DX de Saúde Pública, na comisión 5ª celebrada o 23 de decembro de 2021.

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=M2U4ZDZlMTEtZmQ2Ni00ZmMzLTk1ZmEtZGYzMDViODg3ZWU0](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2U4ZDZlMTEtZmQ2Ni00ZmMzLTk1ZmEtZGYzMDViODg3ZWU0)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:02:42
Nº Rexistro: 33674
Data envío: 12/04/2022 11:02:42.367

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:39

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18307**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para elaborar un programa de termalismo social"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Prsidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Galicia é o principal destino termal de España. O número de mananciais existentes na comunidade supera os 300, o que a converte nunha das rexións europeas con maior riqueza en augas minerais e termais.

Os nosos balnearios contan cunha longa tradición como centros terapéuticos, de relax e de lecer, ofrecendo experiencias turísticas termais para vivir Galicia dunha maneira diferente, a través da auga, conxugando o mellor da nosa terra co descanso en balnearios e talasos co obxectivo de chegar a todo tipo de visitantes e grupos de idades.

A través de iniciativas como o programa Elixé Galicia dende a Xunta de Galicia veuse potenciando o desenvolvemento de programas de termalismo social. A maiores compre destacar as iniciativas "Verán Termal" e "Outono Termal", programas de desestacionalización da oferta termal galega que veñen de lanzar a Xunta de Galicia e Asociación de Balnearios de Galicia de xeito conxunto co que se busca a promoción do turismo termal na nosa comunidade, a través de estadias en balnearios galegos. A iniciativa inclúe propostas de estadias cun programa especial balnearios galegos situados nas catro provincias. En total ofertáronse arredor de 1.600 prazas nos balnearios de Galicia entre as dúas edicións.



Esta nova iniciativa encádrase no marco do Plan de Choque co que o Goberno galego está a reimpulsar os sectores especialmente afectados pola pandemia. A través desta iniciativa búscase fomentar a recuperación dun sector como o termal, referente para o sector turístico galego pola súa calidade, diferenciación e capacidade de atracción turística, o que lle confire un valor estratéxico para a economía galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:03:20
Nº Rexistro: 33680
Data envío: 12/04/2022 11:03:20.382

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:03:17

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 19124**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as irregularidades no funcionamento das novas liñas de transporte metropolitano na comarca da Coruña”**, (publicada no BOPG número 185 do 11 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Transporte Público de Galicia implantado pola Xunta garante o futuro do transporte interurbano en Galicia.

A área de influencia da Coruña integra unha rede de autobuses que atende as necesidades de 17 concellos: A Coruña, Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Curtis, A Laracha, Miño, Oleiros, Ordes, Oza-Cesuras e Sada.

O traballo de seguimento que se esta a realizar permite aplicar axustes puntuais, tanto de liñas como de horarios, paradas ou frecuencias, para atender de forma concreta, precisa e axeitada as necesidades da poboación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 12:59:42
Nº Rexistro: 33703
Data envío: 12/04/2022 12:59:42.193

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 12:59:38

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 19210**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a mobilidade por medio de transporte público colectivo entre os concellos da comarca de Muros e Noia e as comarcas de Santiago de Compostela e da Barbanza”**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo desenvolvido pola Xunta nos últimos anos para renovar e modernizar todas as concesións de transporte interurbano permitiu dotar aos galegos dun transporte público por estrada eficaz, competitivo e mellor adaptado ás súas necesidades.

O Plan de Transporte Público está en un proceso constante de mellora e ampliación para adecuarse ás necesidades de mobilidade cambiantes dos usuarios.

A Xunta de Galicia está a impulsar a creación da Área de Transporte de Galicia, a través dunha modificación do Plan de Transporte Público de Galicia, que permitirá estender todas as vantaxes das actuais Áreas de Transporte Metropolitano ao conxunto dos concellos de Galicia.



Ao incorporar a todos eses concellos ao esquema de bonificacións da Área de Transporte de Galicia, ademais de bonificacións directas a todas as viaxes, producirase unha despenalización do custe dos transbordos, que incentivará aínda máis a demanda de uso no transporte público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:03:13
Nº Rexistro: 33679
Data envío: 12/04/2022 11:03:13.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:03:11

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 22260**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“o funcionamento do ferri entre A Guarda e Caminha”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A finais do pasado ano o Goberno da Xunta mantivo conversas coa AECT Río Miño que permitiran a sinatura dun convenio para a articulación do transporte transfronteirizo en autobús. A posibilidade deste transporte internacional está contemplado nos contratos do Plan de Transporte Público de Galicia, pero polo momento a medida aínda non frutificou”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:03:06
Nº Rexistro: 33678
Data envío: 12/04/2022 11:03:06.851

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:03:04

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 27812**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política ferroviaria da Xunta de Galicia e, en concreto, o seguimento do acordo parlamentario para demandar do Goberno central a rectificación da modificación de horarios do tren Avant A Coruña-Ourense e a recuperación de liñas suprimidas”**, (publicada no BOPG número 267 do 31 de xaneiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 18 de xaneiro o Goberno galego trasladou, a través dunha carta remitida á Secretaria de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a resolución, para o seu cumprimento, da proposición non de lei con número de rexistro 25833, aprobada por unanimidade no pleno celebrado o 22 de decembro de 2021. Esta foi unha das moitas comunicacións remitidas pola Xunta de Galicia ao Goberno de España para reclamar a reposición de todos os servizos ferroviarios existentes antes da pandemia provocada pola covid-19 eliminados, entre outras cuestións. Cuestións como a necesidade de mellorar as infraestruturas ferroviarias, o material rodado e o mantemento do persoal das estacións e dos propios trens de cara a garantir e mellorar os servizos de transporte ferroviario en Galicia.

É sobradamente coñecido a rexeitamento do Goberno galego do anteproxecto de Lei de Mobilidade Sostible que está a promover o Goberno de España e ao que, de feito, xa presentou as conseguíntes alegacións. A intención do Goberno central é clara, pretende deixar de prestar o servizo ferroviario de media distancia aducindo criterios de rendibilidade.





É dicir, deixar a zona rural sen tren e, o que é aínda peor, trasladar á Xunta a responsabilidade de compensar esa carencia e atender esa demanda a través dos autobuses interurbanos da súa competencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33818
Data envío: 18/04/2022 15:26:57.392

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 15:26:54

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 27963**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para modificar os horarios de conexión por autobús Verín-A Gudiña-Verín para harmonizalos cos dos trens de alta velocidade”**, (publicada no BOPG número 267 do 31 de xaneiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está a traballar para optimizar os servizos de transporte público e ofrecerlles aos cidadáns unha resposta axeitada ás súas necesidades reais en materia de mobilidade.

Con este obxectivo, desde o pasado 4 de abril, adaptou os horarios dos autobuses entre Verín e A Gudiña para facilitar cinco enlaces ao día cos servizos de tren a Madrid.

Para que isto fora posible, a Xunta creou unha nova liña entre Verín e a estación de tren da Gudiña, cun servizo ao día e, ademais, engadiu unha expedición máis na liña que conecta Viana do Bolo e Verín, que conta con parada na citada terminal.

Estes dous novos servizos, xunto coa revisión dos horarios xa existentes, ampliáronse de dous a cinco os enlaces diarios coordinados coas saídas e chegadas dos trens Alvia con orixe ou destino en Madrid, o que facilitará a intermodalidade dos pasaxeiros do tren.

A nova liña de autobús entre Verín e A Gudiña ofrece un servizo con saída ás 09,30 horas e chegada á estación ferroviaria ás 10,20 horas. Este horario posibilita que a espera sexa menor de 15 minutos para acceder ao tren, que ten hora prevista de paso cara a Madrid ás 10,34 horas.



A Xunta tamén garante o enlace co seguinte tren, que realiza unha parada na Gudiña ás 13,43 horas, adiantando 30 minutos, ata as 12,30 horas, o servizo entre Verín e Viana do Bolo activo nesa franxa horaria.

Cómpre lembrar que para os pasaxeiros que saen de Verín e collen o último tren do día cada a Madrid, que pasa ás 19,28 horas pola Gudiña, os autobuses da Xunta xa ofrecían unha conexión cos horarios vixentes.

Para o traxecto de volta, en Verín haberá dous posibles enlaces, co tren que chega de Madrid á Gudiña ás 15,37 horas, que xa permitía os horarios anteriores; e co das 20,05 horas, para o que se creou unha nova expedición na liña que une Viana do Bolo e Verín, que pasa pola estación ás 20,27 horas aproximadamente.

Hai que salientar que estas melloras súmanse ás xa activadas o pasado mes de decembro, nas que adaptou os horarios dos autobuses da Xunta ás horas de paso dos trens por Ourense e pola estación da Gudiña, tras a posta en servizo do treito de alta velocidade entre Pedralba e Ourense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:02:35
Nº Rexistro: 33673
Data envío: 12/04/2022 11:02:35.992

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:33

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 28620**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os pronunciamentos da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relativa a actuación da Xunta de Galiza en relación coa autorización para a ampliación dunha explotación avícola en Rairiz de Veiga, en Ourense”**(publicada no BOPG número 272 do 7 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 18 de febreiro de 2022 pola directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 28619.

Enlace ao vídeo da Comisión 7ª celebrada o pasado 18 de febreiro de 2022:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzVLOTIxNmYtNTE1ZC00YmQ0LThkY2ltNDc4YjYwODc0NTI5&start=4135>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:02:29
Nº Rexistro: 33672
Data envío: 12/04/2022 11:02:29.742

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:27

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 30065**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a construción das sendas peonís na estrada OU-537, en San Cibrao das Viñas, e na OU-536, na Derrasa, no Pereiro de Aguiar”**, (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Axencia Galega de Infraestruturas está a executar as obras correspondentes ao proxecto para a construción de dúas sendas peonís na OU-537, en San Cibrao das Viñas, e na OU-536, na Derrasa, no Pereiro de Aguiar. En concreto, as últimas actuacións levadas a cabo foron as reposicións dos servizos afectados de empresas subministradoras de electricidade e telecomunicacións.

Nestes pasados meses de inverno as condicións climatolóxicas, por temperaturas, non foron as axeitadas para os traballos a realizar.

Indicar tamén que non se chegou a tramitar ningunha modificación do proxecto. Non hai modificacións substanciais na obra e os detalles e axustes de execución encaixan dentro do contrato vixente, cuxo prazo de execución remata o 30 de xuño de 2022”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:02:23
Nº Rexistro: 33671
Data envío: 12/04/2022 11:02:23.305

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:20

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 30085**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a implantación e financiamento dunha liña de autobús directa que conecte o centro de Vigo co Aeroporto de Peinador”**, (publicada no BOPG número 278 do 17 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A liña de autobús á que se refire a iniciativa é urbana e, polo tanto, de competencia municipal.

Aínda a pesar disto, ao longo dos últimos anos o Goberno galego trasladou de forma reiterada ao Concello de Vigo o seu ofrecemento a colaborar para aumentar a eficacia e o atractivo da liña de transporte municipal que conecta o centro da cidade co aeroporto de Peinador, un ofrecemento que se chegou a plasmar nunha proposta de convenio entre administracións.

Lamentablemente, pola negativa do Concello de Vigo, non foi posible chegar a un acordo para a posta en marcha deste servizo que supuxese unha mellora fronte á actual en tempo de percorrido e itinerario, mantendo un prezo competitivo para os usuarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:02:16
Nº Rexistro: 33670
Data envío: 12/04/2022 11:02:16.680

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:14

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 30484**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento e construción de infraestruturas de xestión dos biorresiduos”**(publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 2ª do pasado 10 de marzo de 2022 pola directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en resposta á pregunta oral 30483.

Enlace ao vídeo da Comisión 2ª celebrada o pasado 10 de marzo de 2022:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=ZmU4M2FiMTUtOTE4Yy00ODNhLTk0MzEtYjliNzZhODA5NGI1&start=3463](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmU4M2FiMTUtOTE4Yy00ODNhLTk0MzEtYjliNzZhODA5NGI1&start=3463)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:02:10
Nº Rexistro: 33669
Data envío: 12/04/2022 11:02:10.414

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:08

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 30498**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta respecto da adxudicación de licitacións a SOGAMA”**(publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os concursos de Sogama son públicos e aos mesmos pódense presentar todas as empresas que cumpran cos requisitos establecidos nos pregos de condicións.

Os pregos están sometidos á lexislación vixente e todas as adxudicacións realízanse conforme aos criterios técnicos e económicos recollidos nos mesmos. Cómpre destacar que naqueles concursos nos que algún ofertante presentou recurso por non estar de acordo coas valoracións, os tribunais competentes sempre resolveron a favor de Sogama.

Ademais, os pregos son revisados pola Asesoría Xurídica e Intervención Xeral da Xunta de Galicia, así como polo Consello de Administración de Sogama, e ningunha entidade procedeu á impugnación dos mesmos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:02:03
Nº Rexistro: 33668
Data envío: 12/04/2022 11:02:03.914

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:02:01

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 30678**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **"a extinción de concesións hidroeléctricas"**, (publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A tramitación dos expedientes de extinción das concesións hidroeléctricas realízase de conformidade co disposto nas previsións legais e regulamentarias correspondentes, resultando de aplicación, en concreto, o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, o Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril (en diante RDPH), e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo tanto, en cada un dos expedientes de extinción da concesión de augas con fins hidroeléctricos, ao tratarse de procedementos administrativos moi extensos, lévase a cabo unha análise pormenorizada de cada caso, sempre seguindo a lexislación sectorial de aplicación, tanto dende unha perspectiva ambiental como dende un punto de vista técnico, sen descartar de xeito preliminar ningún posible uso nin tampouco a recuperación do curso fluvial, conxugando sempre a preservación do recurso hídrico e o interese xeral.



Actualmente en Augas de Galicia atópanse en curso os expedientes de extinción por fin do prazo concesional dos aproveitamentos hidroeléctricos de Güimil (no río Lambre), o Anllóns (no río Anllóns), o Fervenzas (no río Vexo), La Castellana (no río Mandeo) e Ponte Inferno (no río Verdugo).

As concesión relativas aos saltos de Anllóns, Güimil e La Castellana contan con resolución de extinción, estando á espera das reparacións necesarias por parte dos promotores antes da entrega das chaves, tal e como ditan as resolucións de extinción. Pola súa banda, os procedementos relativos á extinción dos títulos concesionais dos aproveitamentos hidroeléctricos de Fervenzas e Ponte Inferno atópanse próximos á finalización da súa tramitación.

No que respecta á apertura de expedientes sancionadores, dende 2009 Augas de Galicia tramitou trece expedientes sancionadores a empresas titulares de concesións hidroeléctricas, aos que hai que sumar outros dous que se encontran actualmente en curso.

Doce deses trece expedientes acabaron coa imposición efectiva dunha sanción que, en conxunto, ascenderon a preto de un millón de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:01:57
Nº Rexistro: 33667
Data envío: 12/04/2022 11:01:57.289

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:01:55

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 30704**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“a comunicación marítima transfronteiriza entre A Guarda e Caminha”**, (publicada no BOPG número 283 do 25 de febreiro de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A finais do pasado ano o Goberno da Xunta mantivo conversas coa AECT Río Miño que permitiran a sinatura dun convenio para a articulación do transporte transfronteirizo en autobús. A posibilidade deste transporte internacional está contemplado nos contratos do Plan de Transporte Público de Galicia, pero polo momento a medida aínda non frutificou”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 15:26:47



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31255**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **"o proxecto e características do novo centro de saúde que se pretende construír no concello de Meis"**(publicada no BOPG número 287 do 3 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia e Servizo Galego de Saúde tiveron a firme determinación de impulsar un Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria que sirva como plan director do investimento futuro na rede de centros de saúde, unha folla de ruta que centre as prioridades a curto e medio prazo. Para a elaboración desta planificación contouse con as áreas sanitarias como coñecedoras do estado das infraestruturas sanitarias e das súas necesidades, e tamén se mantivo un proceso de diálogo coas Delegacións Territoriais da Xunta para canalizar as principais reivindicacións desde o eido local, desenvolvéndose unha serie de reunións con alcaldes e alcaldesas que expuxeron as necesidades sanitarias da súa poboación e que foron contrastas coas áreas sanitarias.

Para a priorización dos centros de saúde tivéronse en conta criterios tanto técnicos con asistenciais, valorando circunstancias como a antigüidade e o estado de conservación dos actuais centros de saúde, así como as carencias funcionais e operativas que as áreas atopan neles para adaptalos ás necesidades actuais de asistencia sanitaria. Tanto a xerencia da área sanitaria de Pontevedra e Salnés como a Delegación territorial da Xunta en Pontevedra e o Concello de Meis, a través dunha reunión que se mantivo coa alcaldesa en abril de 2021, manifestaron a necesidade da construción dun novo centro de saúde en Meis que unificase a asistencia sanitaria de todo o termo municipal.

Nesa reunión, a alcaldesa propuxo un terreo ocupado por unha infraestrutura viaria en desuso que foi visitada por persoal técnico do Sergas en setembro de 2021. Dita parcela



atopábase dentro do enlace de Curro e a súa superficie máxima en planta baixa sería de 500 m² debido a súa normativa. Ante iso, e tendo en conta que esas condicións levarían a un edificio en tres plantas no medio dun lazo da autoestrada déuselle traslado do desaxeitado da proposta, pola preferencia do Sergas de construír centros de saúde dunha única planta cando sexa posible e formulouse a proposta de buscar un terreo nun lugar máis accesible e cunha superficie de arredor dos 1.000 m².

A pesares de non contar cunha proposta viable, a Xunta de Galicia mantivo entre as súas prioridades a actuación neste concello. Así, o novo centro de saúde de Meis figura na fase 2 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria aprobado polo Consello da Xunta en outubro de 2021. O plan funcional aprobado para o novo centro de saúde de Meis contempla 6 consultas de adultos, 1 sala polivalente, 1 de toma de mostras; área pediátrica con 2 consultas e área da muller con 1 consulta de matrona e sala de educación sanitaria. Isto supón contar con espazos non existentes na infraestrutura actual como a sala polivalente ou as áreas pediátrica e da muller.

En consecuencia, en novembro dese mesmo ano remitiuse unha carta á alcaldesa solicitando a súa colaboración para poder dispoñer dunha parcela cunha edificabilidade mínima que xa se concretaba: 971,6 m². Máis aló dese requisito de edificabilidade, que é público xa que figura no documento do Plan que está accesible na web da Xunta, o único que se require da parcela é o xa coñecido por todos os convenios previos con concellos para a construción de centros de saúde: estar en disposición de poder ser cedida sen cargas e gravames e contar cunha boa accesibilidade.

Logo da remisión da carta, as propostas de parcelas achegadas polo concello foron cinco, catro das mesmas remitidas o 17 de setembro de 2021 e a quinta o 16 de febreiro de 2022. As catro parcelas propostas o 17 de setembro foron visitadas polo persoal técnico, atopando que unha delas está nun ramal de acceso á autovía, outra en colindancia co mercado municipal, e dúas máis eran de difícil localización dado que a documentación que se aportou era escasa e eran parcelas sen acceso rodado, polo que non semellaban as parcelas mais axeitadas para o novo centro de saúde.



A parcela ofertada o 16 de febreiro, situada no entorno da denominada Casa de Parga, tiña unha serie de problemas que resolver relacionados coa afectación ao patrimonio cultural e ás súas condicións urbanísticas, que o Concello se comprometeu a tramitar, remitindo nesta semana a documentación necesaria, que foi determinada como correcta polos servizos técnicos do Sergas.

En consecuencia, polo momento non está aínda definida a localización para o novo centro de saúde de Meis. A Xunta de Galicia está aberta a utilizar calquera parcela viable que propoña o concello, sexa a anteriormente mencionada ou calquera nova proposta que poña a disposición o Concello de Meis e cumpra tamén cos requisitos de accesibilidade e de contar cunha edificabilidade de 971,6 m².

O proxecto e características do futuro centro de saúde e as condicións que debe reunir a parcela son, por tanto, de público coñecemento, pois foron trasladados tanto ao Concello como ao xeral da cidadanía a través da publicación do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria, documento no que se recolle de xeito explícito ese espazo estimado necesario para acometer a construción do novo centro e que se pode consultar na web da Xunta: https://www.xunta.gal/plans-e-actuacions-da-xunta?content=/Portal-Web/Contidos/Actuacions/actuacion_0137.html&langId=gl_ES

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/04/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 33722
Data envío: 12/04/2022 15:43:59.410

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 15:43:57

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31303**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o ditame do Consello Económico e Social respecto do anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo da auga"**, (publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"As suxestións efectuadas polo Consello Económico e Social de Galicia no seu Ditame tivéronse en conta con carácter xeral realizándose unha revisión do texto en aras a introducir as puntualizacións que neste informe se recollían.

Non obstante respecto dalgúns dos aspectos que se sinalaban, que non eran obxecto da norma en tramitación que se informaba, realizáronse clarificacións ou aclaracións.

Neste senso cómpre matizar que Galicia conta xa cunha regulación propia en materia de augas. Nestes últimos anos, levouse a cabo unha tarefa importante de regulación en materia de augas para adaptala de forma que responda á problemática e intereses da nosa Comunidade (mediante a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e os seus regulamentos de desenvolvemento sobre todo) conformando un corpo legislativo autonómico neste ámbito que agora se completa abordando a mellora da xestión do ciclo integral da auga.



O anteproxecto de Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga que se está a tramitar, que completa o corpo lexislativo en materia de augas xa existente, pretende establecer un marco normativo que regule a política da xestión do ciclo integral da auga na comunidade autónoma de Galicia.

Aclarar tamén que a mención que se fai no informe do CES a que co actual marco legal existe a posibilidade de cobrarlle un canon de abastecemento a persoas e entidades con captacións propias, non está referida concretamente ao anteproxecto de lei que está actualmente en tramitación, senón ao marco legal existente.

O anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga non prevé, en ningunha circunstancia, a cobranza por parte de Augas de Galicia de ningún tipo de servizo non prestado. O abastecemento da auga é competencia local e a cobranza polos servizos que prestan os concellos, realízanse a través das ordenanzas municipais.

O anteproxecto de lei non altera o réxime de competencias que consagra a autonomía municipal, ofrece unha alternativa voluntaria de xestión, a través de Augas de Galicia, para os municipios que non atopen un modo adecuado de prestar servizos doutro xeito.

Este anteproxecto tampouco altera o réxime previsto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, na que os usos agrícolas e gandeiros están exentos do pago do canon da auga a condición de que non causen contaminación.

As entidades locais teñen atribuída, polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, a competencia para, nos termos regulados na normativa, establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación dos servizos públicos ou a realización de actividades



administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.

As entidades locais gozan da potestade tributaria en relación coa prestación dos seus servizos públicos, que exercen a través das súas ordenanzas fiscais, e realizan a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.

Polo tanto os municipios, en recoñecemento da autonomía local, son os que teñen a capacidade de decisión sobre o recibo final dos seus servizos municipais, entre eles, o recibo da auga. A regulación establecida no anteproxecto de lei que nos ocupa non afectará as tarifas municipais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:01:51
Nº Rexistro: 33666
Data envío: 12/04/2022 11:01:51.227

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:01:48

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31434**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social respecto das demandas do sector das residencias de maiores”**(publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a conselleira de Política Social o pasado día 23 de marzo no Pleno do Parlamento de Galicia, respondendo á interpelación con número de rexistro 31431 do grupo parlamentario PSdeG-PSOE, non se pode interferir na negociación colectiva entre traballadores de residencias e as empresas, para que poidan chegar a acordos.

Recordou que na negociación dun convenio colectivo a Xunta de Galicia non participa, por iso o Goberno galego respectará os acordos aos que cheguen as partes implicadas sen interferencias.

As organización sindicais veñen de solicitar ao Consello de Relacións Laborais que o mediador actúe de oficio –algo que só sucede en ocasións de grande relevancia pública–, e este aceptou e convocou as dúas partes a unha xuntanza para refrendar un acordo.

Ademais, é importante poñer en valor as políticas que está levando a cabo a Xunta de Galicia dentro das súas competencias para mellorar o sector residencial. Neste sentido, se está a avanzar na capacitación dos profesionais que traballan nos centros de servizos sociais.



A Administración autonómica vén de poñer en marcha o primeiro Plan de formación continuada dos servizos sociais da historia de Galicia. Trátase dunha iniciativa formativa sen precedentes que está destinada aos profesionais dos centros de día, de menores sociocomunitarios e tamén aos das residencias de maiores.

Este plan comupo un completo programa de 300 actividades, que suman 600 horas e que van dirixidas a 10.000 profesionais de todos os centros, teñan a titularidade que teñan. Ten modalidade presencial e online, e está destinado a todas as categorías profesionais: auxiliares, persoal de limpeza, traballadores sociais, de enfermaría, médicos, fisioterapeutas ou inspectores, entre outros.

Esta aposta pola capacitación do persoal contéplase dentro do novo modelo residencial, no que se establece a necesidade de que todos os centros conten cunha oferta formativa anual adecuada ás necesidades e retos do seu persoal.

Esta proposta líder en España para mellorar o sistema residencial de Galicia, basease en catro grandes piares: a humanización do trato e a formación continuada; o aproveitamento do potencial que ten a tecnoloxía para perfeccionar a atención ás persoas maiores; as melloras na coordinación entre a sanidade e os servizos sociais; e as reformas estruturais que se comezarán a aplicar en todas as residencias de nova construción”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:01:45
Nº Rexistro: 33665
Data envío: 12/04/2022 11:01:45.087

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:01:42

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31439**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do atraso na publicación do decreto que creará o rexistro de familias monomarentais e monoparentais”**(publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma, que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias. Ademais, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos



certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.

É dicir, a Xunta de Galicia está a aproveitar a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental, na mesma liña que están a facer outras comunidades autónomas.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.





Agora, a Consellería de Política Social está a traballar na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación.

En todo caso, o obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:01:38
Nº Rexistro: 33664
Data envío: 12/04/2022 11:01:38.227

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:01:35

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31557**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para garantir o cumprimento dos dereitos laborais e salariais das traballadoras das residencias privadas de maiores”**(publicada no BOPG número 289 do 9 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a conselleira de Política Social o pasado día 23 de marzo no Pleno do Parlamento de Galicia, respondendo á interpelación con número de rexistro 31431 non se pode interferir na negociación colectiva entre traballadores de residencias e as empresas, para que poidan chegar a acordos.

Recordou que na negociación dun convenio colectivo a Xunta de Galicia non participa, por iso o Goberno galego respectará os acordos aos que cheguen as partes implicadas sen interferencias.

As organización sindicais veñen de solicitar ao Consello de Relacións Laborais que o mediador actúe de oficio –algo que só sucede en ocasións de grande relevancia pública–, e este aceptou e convocou as dúas partes a unha xuntanza para refrendar un acordo.

Ademais, é importante poñer en valor as políticas que está levando a cabo a Xunta de Galicia dentro das súas competencias para mellorar o sector residencial. Neste sentido, se está a avanzar na capacitación dos profesionais que traballan nos centros de servizos sociais.



A Administración autonómica vén de poñer en marcha o primeiro Plan de formación continuada dos servizos sociais da historia de Galicia. Trátase dunha iniciativa formativa sen precedentes que está destinada aos profesionais dos centros de día, de menores sociocomunitarios e tamén aos das residencias de maiores.

Este plan comupo un completo programa de 300 actividades, que suman 600 horas e que van dirixidas a 10.000 profesionais de todos os centros, teñan a titularidade que teñan. Ten modalidade presencial e online, e está destinado a todas as categorías profesionais: auxiliares, persoal de limpeza, traballadores sociais, de enfermaría, médicos, fisioterapeutas ou inspectores, entre outros.

Esta aposta pola capacitación do persoal contéplase dentro do novo modelo residencial, no que se establece a necesidade de que todos os centros conten cunha oferta formativa anual adecuada ás necesidades e retos do seu persoal.

Esta proposta líder en España para mellorar o sistema residencial de Galicia, basease en catro grandes piares: a humanización do trato e a formación continuada; o aproveitamento do potencial que ten a tecnoloxía para perfeccionar a atención ás persoas maiores; as melloras na coordinación entre a sanidade e os servizos sociais; e as reformas estruturais que se comezarán a aplicar en todas as residencias de nova construción”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:01:31
Nº Rexistro: 33663
Data envío: 12/04/2022 11:01:31.899

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:01:29

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31781**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a necesidade de dotar dun centro de día o concello da Pastoriza, na comarca da Terra Chá”**(publicada no BOPG número 293 do 17 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego planifica a creación de novos centros para maiores de acordo a un estudo previo das necesidades que existan en cada zona, pero sempre co obxectivo de dar unha resposta comarcal a esa demanda e que, polo tanto, non se limite única e exclusivamente aos potenciais usuarios que teña un municipio concreto.

Na zona da Terra Chá, á que pertence o concello da Pastoriza, hai na actualidade tres centros de día para persoas maiores en funcionamento que forman parte da rede pública da Xunta. Estes centros, que están pensados como equipamentos de carácter supramunicipal para dar servizo a usuarios de varios concellos, están situados en Abadín, Begonte e Cospeito; e nestes momentos dispoñen de prazas libres.

En calquera caso, A Pastoriza ten a posibilidade de promover e construír un centro de día de xestión municipal acolléndose ao novo Plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais municipais; no que se contemplan achegas aos Concellos de ata 600.000 euros para a creación dun centro de día.



Este Plan, dotado con máis de 18,5 millóns de euros para a creación ou renovación de residencias de maiores, centros de día, vivendas comunitarias ou centros sociais de xestión municipal, foi acordado coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG) o día 7 do pasado mes de marzo.

Ademais de recibir fondos deste Plan de investimentos, a Xunta tamén colaboraría co Concello da Pastoriza no funcionamento do seu centro de día a través de axudas públicas para todas as prazas mediante as libranzas vinculadas que recibirían os potenciais usuarios, tal e como se fai co resto de centros de día de titularidade e xestión municipal que funcionan en Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:01:25
Nº Rexistro: 33662
Data envío: 12/04/2022 11:01:25.821

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:01:22

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31808**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a atención ás persoas maiores e a situación das vivendas comunitarias no concello de Monterroso”**(publicada no BOPG número 293 do 17 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Non lle corresponde a esta Consellería emitir valoracións sobre os servizos doutras administracións, máis alá das competencias de inspección que se exercen de maneira ordinaria en todos os centros de servizos sociais, tamén no referido nesta pregunta.

En canto ao Servizo de Axuda no Fogar (SAF) non consta a esta Consellería ningunha deficiencia no seu funcionamento.

Segundo os datos recollidos no Sistema Galego de Atención á Dependencia (SIGAD) o Concello de Monterroso dispón na actualidade dunha asignación de horas SAF-Dependencia de 1.518 horas ao mes, das cales a data 21/03/2022 está prestando de maneira efectiva 1.470.

No concello de Monterroso existen 18 persoas cun grado I de dependencia recoñecida pendentes de recibir o servizo; e dúas persoas cun grao III que solicitaron incremento de horas de atención por acadar maior grao de dependencia. Non consta solicitude de incremento de asignación de horas de SAF-Dependencia por parte do Concello de Monterroso para o seu estudo e valoración.



Por outra banda, en relación coa pregunta relativa ás inspeccións que recibiron as vivendas comunitarias do Concello de Monterroso desde a súa posta en funcionamento e posibles expedientes sancionadores, cómpre ter en conta que as actas de inspección son documentos que conteñen información persoal dos residentes. Esta información, que é de marcado carácter confidencial, comprende datos de saúde, sociais, familiares, grao de dependencia... datos todos eles que gozan dun especial grao de protección dos que non é posible dar traslado.

Así, nesta cuestión débese ter en conta que os datos implicados posibilitan o cruce da información e a identificación de terceiros afectados, persoas pertencentes a colectivos usuarios de servizos sociais, co consecuente risco de vulneración de seus dereitos á intimidade, á imaxe e a protección de datos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 13:54:36





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31850**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o acceso ao servizo de teleasistencia e os problemas que se están a producir na prestación do servizo”**, (publicada no BOPG número 293 do 17 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Unha das medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o acceso de toda a poboación a un servizo de teleasistencia avanzada de calidade foi proceder á adaptación da normativa autonómica en materia de teleasistencia ao establecido na Resolución do 15 de xaneiro de 2018, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre determinación do contido do servizo de teleasistencia básica e avanzada (DOG 27/12/2019).

Así pois, a través da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas levouse a cabo a modificación do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

A través desta modificación, incluíuse na normativa autonómica a teleasistencia avanzada. Esta é aquela que inclúe, ademais dos servizos da teleasistencia básica



que a persoa usuaria precise, apoios tecnolóxicos complementarios dentro ou fóra do domicilio, ou en ambos os casos; así como a interconexión cos servizos de información e profesionais de referencia nos sistemas sanitario e social, desenvolvendo procesos e protocolos de actuación en función da situación da necesidade de atención detectada.

O orzamento anual destinado na actualidade á prestación do servizo de teleasistencia ascende a 1,4 millóns de euros, a través do contrato asinado coa entidade Cruz Vermella para a prestación dun servizo público de teleasistencia e sistema de xeolocalización.

A día de hoxe, un total de 7.600 galegas e galegos son usuarios do servizo de teleasistencia avanzada da Xunta de Galicia. Así mesmo, o 100% das persoas dependentes que teñen recoñecido este servizo xa o teñen instalado no seu domicilio ou ben xa están incorporadas ao denominado Programa de Asignación de Recursos (PAR).

Desde finais de 2020, a Xunta está a ofrecer un conxunto de novas prestacións que permiten que a maior parte dos servizos dispoñibles para os nosos usuarios e usuarias sexan de teleasistencia avanzada. Por iso, nos vindeiros meses deste ano 2022, está previsto continuar coa instalación do servizo de teleasistencia avanzada con carácter prioritario a todas aquelas persoas nas que o seu respectivo Programa Individual de Atención se lles recoñeza este servizo.

Entre todas as medidas adoptadas, hai que destacar que dentro dos fondos previstos no marco do Plan Nacional de Recuperación, Transformación e Resilencia, contéplase destinar nos próximos tres anos un total de 16,6 millóns de euros para poñer en marcha o novo Plan integral de dotación de recursos de teleasistencia avanzada e vivendas conectadas. A finalidade é dotar a este servizo dos máis innovadores e avanzados recursos tecnolóxicos que existen no mercado a día de hoxe.





O obxectivo da Consellería de Política Social é conseguir que a calidade do servizo de teleasistencia destinado ás persoas maiores dependentes sexa a mellor posible, grazas á mellor tecnoloxía e tamén á mellor atención persoal.

Como conclusión, estamos en condicións de asegurar que durante todos estes anos de execución do contrato coa Cruz Vermella non se teñen presentado nin reclamacións por parte das persoas beneficiarias nin se teñen orixinado incidencias de calquera outro tipo que dificultaran ou puxeran de manifesto unha incorrecta prestación do servizo de teleasistencia por parte da Cruz Vermella.

Durante os meses máis duros da pandemia pola covid-19 seguíronse os protocolos sociosanitarios de prevención, o que puido motivar certa demora na instalación dos equipos de teleasistencia por parte do persoal técnico da Cruz Vermella en determinados casos para garantir a seguridade e saúde das persoas beneficiarias.

Así pois, consideramos que, tanto no que se refire á calidade do servizo prestado como en relación á atención persoal e próxima ofrecidos polos servizos da Cruz Vermella, estes son percibidos e valorados como moi positivos por parte dos miles de usuarios do servizo de teleasistencia da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:01:18
Nº Rexistro: 33661
Data envío: 12/04/2022 11:01:18.446

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:01:15

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 31858**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para axudar a poboación galega, especialmente as persoas máis vulnerables, a atender os gastos mínimos vinculados á vivenda que se ven incrementados como consecuencia da guerra de Ucraína”**(publicada no BOPG número 293 do 17 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia e, especificamente a Consellería de Política Social, dispón de instrumentos de planificación estratéxica das medidas dirixidas ás persoas que máis o necesitan.

En concreto, as medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social encádranse, a efectos de planificación, na Estratexia de Inclusión Social de Galicia e na Axenda Social Única de Galicia, nas que están implicadas diferentes áreas da Xunta. Dentro destes instrumentos existen medidas que pretenden paliar os problemas de acceso á vivenda e da pobreza enerxética; así como iniciativas que pretenden ir máis alá das medidas de carácter xeral coas que conta a Consellería de Política Social para abordar a loita contra a pobreza.

Así mesmo, a Consellería de Política Social dispón de distintas tipoloxías de axudas, como as Axudas de Inclusión Social (AIS) vinculadas ao uso da vivenda, que se conceden para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos semellantes que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas da vivenda, como son os gastos da auga, luz e outros de primeira necesidade. Destácase, neste senso, que o orzamento destinado ás Axudas de Inclusión Social acada os 4 millóns de euros no presente exercicio 2022.



Adicionalmente aos recursos ordinarios mencionados, a Consellería de Política Social acaba de resolver a concesión de axudas a 66.400 fogares galegos, que percibirán as contías correspondentes ao Bono Social Térmico, xunto cun complemento autonómico de 100 euros para axudar coas facturas de enerxía para calefacción, cociña e auga quente.

As contías deste bono oscilarán entre os 228 e os 473 euros, en función de se a familia é considerada vulnerable ou moi vulnerable e da zona climática de Galicia onde resida. Os fogares que sexan destinatarios desta axuda, que son os mesmos que os que teñen descontos na súa factura da luz grazas ao Bono Social Eléctrico, non teñen que facer ningún trámite, senón que recibirán o ingreso na súa conta de xeito automático.

E cómpre destacar que esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno celebrado o pasado 5 de abril de 2022 pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á interpelación 31861.

Na súa intervención, a conselleira avanzou as previsións do Goberno galego en materia de vivenda para este ano 2022, especialmente en materia de alugueiro e de resposta a colectivos vulnerables”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 13:54:27
Nº Rexistro: 33806
Data envío: 18/04/2022 13:54:27.436

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 13:54:17

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 31891**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia para dar cumprimento ao Acordo acadado pola Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, do día 16 de febreiro de 2021, relativo ás condicións de transporte da barcaza de Portodemouros"**, (publicada no BOPG número 293 do 17 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, vén realizando, e seguirá realizando, unha labor de seguimento sobre o cumprimento das melloras esixidas ao titular concesional do aproveitamento hidroeléctrico do río Ulla no referente aos accesos e ao servizo proporcionado pola barcaza que comunica as parroquias de Loño e Beigondo.

Para dar resposta ao acordo parlamentario ao que se fai referencia na iniciativa, consensuouse coa empresa un calendario de actuacións coa fin de mellorar as condicións de acceso e servizo da barcaza. Entre esas melloras, que a día de hoxe practicamente xa están implementadas, inclúese a colocación en todo perímetro de acceso á barcaza unhas barreiras New Jersey, incluída a zona final lindeira coa auga. As barreiras son móbiles, adaptando a súa posición ao nivel das augas no encoro, contando, asemade, con elementos reflectantes que melloran a súa visibilidade.

A empresa concesionaria adquiriu tamén o compromiso de dotar de iluminación ás zonas de embarque e desembarque mediante a instalación de farois, para o que está a tramitar coa empresa distribuidora de electricidade a pertinente liña de alimentación eléctrica. Non obstante, coa fin de mellorar de forma temporal as condicións nos puntos de acceso á



barcaza, na marxe correspondente ao concello de Santiso instaláronse 3 luminarias LED alimentadas por paneis solares e baterías, operativas ata dispor da alimentación eléctrica definitiva.

Ademais, naqueles casos nos que a barcaza non se atope operativa, estanse a colocar, nos cruces próximos aos accesos, carteis de grandes dimensións nos que se indica que está fóra de servizo, para que os usuarios sexan coñecedores da situación e poidan continuar o seu camiño sen ter que desviarse.

A empresa concesionaria comprometeuse tamén a comunicar as incidencias que se produzan no servizo da barcaza, tanto as imprevistas como os mantementos programados, aos concellos afectados e a Augas de Galicia, ademais de publicalas na prensa escrita.

Así mesmo, un dos operarios da barcaza dirixe as manobras de embarque e desembarque dos usuarios, facilitando deste xeito o acceso á mesma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33816
Data envío: 18/04/2022 15:26:44.111

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 15:26:41

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32023**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a elaboración do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos preceptuado pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia"**, (publicada no BOPG número 293 do 17 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"A Secretaría Xeral para o Deporte acomete, no exercicio das competencias e funcións que lle son propias, actuacións no ámbito das infraestruturas e dos equipamentos deportivos da Comunidade Autónoma, actuacións que posibilitan a construción ou mellora de instalacións deportivas básicas, así como daquelas que presenten un maior interese deportivo.

Neste contexto, o departamento autonómico actúa tanto en instalacións deportivas propias como, en colaboración coas administracións locais e outros entes de dereito público, en instalacións deportivas de terceiros. Nesta segunda vertente, ano a ano e conforme ás dispoñibilidades orzamentarias, a Secretaría Xeral ven recollendo as necesidades en infraestruturas propostas polos distintos concellos de Galicia, e facendo unha selección en atención á necesidade deportiva, á urxencia segundo o estado no que se atopa a infraestrutura en cuestión, a poboación que aglutina o concello e influencia na comarca e o apoio ao desenvolvemento aos concellos do rural. Logo da preceptiva tramitación administrativa, todos os convenios son obxecto da publicidade correspondente nos termos esixidos pola lexislación en vigor, nomeadamente o decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de



Convenios da Xunta de Galicia, e a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Neste sentido, cómpre apuntar que o titular da a Secretaría Xeral para o Deporte atende a todas as alcaldesas e alcaldes que solicitan entrevistas ou visitas para demandar instalacións ou para calquera extremo que sexa de interese para o desenvolvemento deportivo do municipio e da Comunidade Autónoma.

Ademais, segundo o artigo 78 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, correspóndelle á Administración autonómica a redacción e aprobación do Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia do que deberá informar oportunamente ao Parlamento de Galicia.

O traballo da Secretaría Xeral para o Deporte para executar o devandito Plan, comeza hai moitos anos cun traballo intenso no debuxo do mapa de infraestruturas deportivas de Galicia que motiva cada ano o orzamento destinado á realización de obras de mellora, reforma e nova construción tanto nas infraestruturas municipais e provinciais como nas instalacións propias. Non obstante, no mesmo ano no que é aprobada a Lei do deporte que indica que a Xunta de Galicia debe redactar e aprobar o Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte comeza de xeito formal o traballo previo para a elaboración do Plan, a través dunha nova plataforma dentro do Plan Galego para o Fomento da Actividade Física Galicia Saudable unha iniciativa que se articula a través da SXD e a Fundación Deporte Galego para acadar uns hábitos de vida saudables para todos e todas as galegas que afasten a posibilidade de contraer enfermidades provocadas polo sedentarismo.

Esta plataforma creada como paso previo do Plan de instalacións é a Plataforma Galicia Activa, un banco de recursos xeo referenciado que aglutina todas as instalacións deportivas ou recreativas públicas, privadas, convencionais e non convencionais (actividades, servizos, pavillóns, espazos naturais, parques...). O obxectivo desta plataforma é facilitar aos cidadáns a procura de recursos



dispoñibles na súa contorna, divulgar entre a cidadanía a gran cantidade e diversidade de recursos dispoñibles en Galicia, e manter actualizada ao día unha base de datos de recursos de toda clase de promoción da actividade física, o exercicio físico e o deporte. Esta plataforma na que está traballando a SXD conxuntamente coa FDG contén a día de hoxe preto de 2.000 recursos publicados e conta coa participación de máis de 3.000 xestores externos como entidades, concellos, clubs, asociacións... Galicia Activa é o mellor traballo previo para a elaboración do censo de infraestruturas e equipamentos deportivos de Galicia. En base a este traballo das entidades locais actualizando e validando neste censo oficial ou rexistro os seus recursos, a Xunta de Galicia traballa na elaboración do Plan.

No ano 2019, a Secretaría Xeral para o Deporte comeza a traballar no proxecto de acordo para a creación do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia e a formulación do Plan Xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia. Para este cometido mantén reunións de traballo coa Federación Galega de Municipios e Provincias como indica a resolución parlamentaria aprobada no Debate de política xeral de ese ano.

O 16 de xaneiro de 2020 o Consello da Xunta encomenda á Secretaría Xeral para o Deporte:

1. A creación e custodia do Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, no que se inscribirán as instalacións deportivas de uso público da Comunidade Autónoma. A creación do Rexistro aprobarase a través da correspondente disposición normativa, que deberá axustarse ao establecido na Lei do deporte de Galicia (artigo 77), sen prexuízo dos termos concretos que nela se establezan.
2. A redacción do Plan Xeral de Instalacións e Equipamentos Deportivos de Galicia (PIEDGA) 2020-2025 que se axustará, xunto ás determinacións e disposicións establecidas na Lei 3/2012, do 2 de abril, aos termos recollidos neste Acordo.



Segundo o disposto no artigo 77.4 os datos que figuran no rexistro servirán para confeccionar o censo de instalacións deportivas, que se publicará coas agrupacións e clasificacións suficientes para dar a coñecer a situación das infraestruturas na Comunidade Autónoma e contribuír á planificación das novas que poidan construírse.

O 20 de abril de 2020 a Secretaría Xeral para o Deporte acordou o inicio da tramitación do Decreto polo que se crea e regula o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia.

O 3 de marzo de 2022, a Secretaría Xeral para o Deporte solicita a través do Consello da Xunta o ditame do Consello Consultivo de Galicia. Unha vez se emita ditame o decreto será aprobado polo propio Consello da Xunta, prevéndose un prazo de 3 meses para a súa implementación e rexistro da información necesaria.

A partires dese momento, avaliarase a información que conste no Rexistro e que deberá ser a base de traballo para o futuro Plan Xeral de Instalacións e Equipamentos de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:01:11
Nº Rexistro: 33660
Data envío: 12/04/2022 11:01:11.056

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:01:09

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta Escrita **número 32213**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e don Luis Bará Torres, sobre **“as medidas da Xunta de Galicia para que se cumpran os contratos licitados no servizo de transporte público”**, (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O traballo desenvolvido pola Xunta nos últimos anos para renovar e modernizar todas as concesións de transporte interurbano permitiu dotando os galegos dun transporte público por estrada eficaz, competitivo e mellor adaptado ás súas necesidades.

No seu conxunto, o Plan de Transporte Público de Galicia supuxo activar 127 contratos que configuran hoxe a rede autonómica de transporte; renovar 3.436 liñas de autobús; habilitar 53.000 paradas; ofrecer ao ano máis de 2,3 millóns de horarios e percorrer máis de 57 millóns de quilómetros, movendo, de media, preto de 3 millóns de viaxeiros ao mes. O proceso de modernización levado a cabo significou a mellora e extensión dos servizos; unha modernización tecnolóxica e tamén rebaixa de prezos.

O Plan de Transporte Público está en constante mellora e ampliación para adecuarse



ás necesidades de mobilidade cambiantes dos usuarios. A Xunta estivo, está e estará en permanente contacto cos concellos e cos usuarios e sempre disposta a estudar, e aplicar no seu caso, todas as suxestións e modificacións que supoñan unha mellora do servizo. Proba desta vontade son os numerosos cambios realizados desde a entrada en vigor do plan en horarios, traxectos e servizo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/04/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 33815
Data envío: 18/04/2022 15:26:26.330

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/04/2022 15:26:14

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32279**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **“a paralización dos traballos en Ponte Nafonso entre os concellos de Outes e Noia”**, (publicada no BOPG número 298 do 25 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A obra de reparación e posta en valor da Ponte Nafonso, que une os Concellos de Noia e Outes na AC-196, licitouse o 5 de marzo de 2021 e xurdiu pola necesidade de mellorar a seguridade do sistema de contención, así como de arranxar o pavimento. Non obstante, dada a singularidade de que se trate dunha ponte medieval, o proxecto contemplou unha actuación máis ambiciosa e respectuosa. En concreto, o proxecto recollía a retirada do pavimento de aglomerado bituminoso existente e a substitución por un novo firme de lastro de granito; a retirada da vella barreira metálica, que se atopa deteriorada, e substitución por unha nova, así coma realización dunha limpeza dos paramentos exteriores da ponte e o alumeado da calzada e da estrutura da ponte para a súa posta en valor.

A Ponte Nafonso ao longo da súa historia foi obxecto de varias modificacións. A sección existente é moi estreita (5 metros), pero está ampliada sobre a orixinal hai máis dun século, cun pequeno voladizo en cada lado, instalado tras a retirada do peitoril. Coa actuación en curso respéctase esta funcionalidade, e non se valorou outro tipo de intervención que impedise o tránsito do tráfico rodado xa que non hai alternativa equivalente. Ademais, por suposto, a obra conta con autorización de Patrimonio Cultural e é obxecto de seguimento arqueolóxico.



Respecto á cuestión do peitoril, o proxecto propoñía a instalación dun peitoril metálico, cuxo deseño estaba previsto para a contención de vehículos cunha velocidade de 50 km/h. Non obstante, a modificación do Regulamento de Circulación, que limita a 20 ou 30 km/h as vías que dispoñan plataforma única de calzada e beirarrúa, fixo posible revisar este requirimento técnico. Deste xeito, tras a correspondente avaliación, optouse finalmente por colocar un peitoril de pedra en lugar do metálico que recollía o proxecto contratado en 2021. Subliñar que se trata dun peitoril distinto ao peitoril de pedra orixinal, cuxa reposición non é posible.

Tras determinarse a colocación dun peitoril de pedra, fíxose necesario obter unha nova autorización da Dirección Xeral de Patrimonio e, en consecuencia, paralizar momentaneamente os traballos de execución do proxecto. A nova autorización de Patrimonio recibíuse a finais do mes de marzo polo que está previsto retomar as obras a mediados do mes de abril”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:01:03
Nº Rexistro: 33659
Data envío: 12/04/2022 11:01:03.415

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:01:00

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número: 32998**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“ as axudas en materia de vivenda dirixidas a vítimas de violencia machista”**(publicada no BOPG número 304 do 6 de abril de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada no Pleno celebrado o pasado 5 de abril de 2022 pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 33039.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 5 de abril de 2022:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MWY1ZDFmMjctMmZhNS00ZGY3LTgzMTktMjhlYzRlNDFiMmNk&start=2988](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MWY1ZDFmMjctMmZhNS00ZGY3LTgzMTktMjhlYzRlNDFiMmNk&start=2988)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2022 11:00:55
Nº Rexistro: 33658
Data envío: 12/04/2022 11:00:55.697

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 12/04/2022 11:00:53

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-4kt0dmJ94-7

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

